

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de ABRIL DE 2003**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 25 de abril de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior núm. 4/03, do 28 de marzo.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 3.800 deica a núm. 5.229.

Cooperación e Asistencia a Municipios

- 3.-Aprobación do Programa operativo local adicional 1/2003.
- 4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación Pedra Queimada e outras” do Concello de Malpica, incluída no POS AD 3/2002 código 02.2103.0433.0.
- 5.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora accesos Vinseira Grande e outros”, do Concello de Culleredo, incluída no POS 2003 código 03.2100.0142.0.
- 6.-Aprobación de modificación do proxecto da obra “Construcción de beirarrúas estrada Buño-Xornes e outro” do Concello de Malpica incluída no POS 2003. Código 03.2100.0176.0.

Vías e Obras

- 7.-Aprobación do convenio da Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para aboamento dos gastos de enerxía eléctrica, mantemento e reparación da estación de bombeo núm. 3 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

Plan Especiais, Contratación e Equipamento

- 8.-Delegación no Concello de Carballo da contratación e execución da obra “Centro socio cultural de Sofán 1ª fase pl.” incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidades 1999, 2000 e 2001. Código 99.3400.1086.0 e aprobación do proxecto modificado con incremento desta.
- 9.-Aprobación do Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e travesías municipais 2003.

Cultura, Deportes e Xuventude

10.-Convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento dun edificio tecnolóxico, edificio Nexus.

11.-Proposta de aprobación da Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia.

Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

12.-Modificación da obra “Instalación de elementos de urbanización de varias rúas”. Concello de Arzúa. Plan XXI de pequenas obras e subministracións 2001.

13.-Ampliación de prazo de xustificación de obras incluídas na anualidade 2002 do Plan XXI de fomentos de turismo da natureza.

14.-Concello de Valdoviño. Plan XXI de fomento de turismo de natureza. Anulación de obra: “pavimentación de pistas e canalización da zona Gándara” e inclusión na anualidade 2001 das obras: “Alumeamento público na Avda. Porta do Sol” e “Alumeamento público na Avda. Gándara de Abaixo”.

15.-Dar conta dos beneficiarios das axudas do convenio para realizar programas de asistencia social ós emigrantes.

16.-Dar conta do proxecto reformado da obra do concello da Pobra “Apertura e pavimentación do camiño entre Lesón e Tarrío”. Plan XXI de pequenas obras e subministracións 2001.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE ABRIL DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de abril de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE

DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 4/03, DO 28 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, núm. 4/03, correspondente á celebrada o día 28 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 3.800 DEICA A NÚM. 5.229.

A Corporación toma coñecemento das Resolución s dictadas pola Presidencia, da número 3.800 deica a número 5.229.

3.-APROBACIÓN DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL ADICIONAL 1/2003.

INTERVENCIONES

Sra. Candacia Pita

Máis nada que para anunciar a nosa posición de abstención, e ben, alegando o que xa alegamos sempre no punto do POL, entendemos que non están claros os criterios, e que é un *totu revolutu* que non ten moito senso. Neste senso, como nosoutros non nos posicionamos en contra das obras, a posición vai ser de abstención, porque non dubidamos de que as obras que se fagan teña senso que se fagan.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vistas as baixas de licitación producidas en 18 das 19 obras anuais novas incluídas na anualidade 2003 do POL 2000-2006, que foi aprobado por acordo plenario do 31 de xaneiro de 2003.

Visto o importe dispoñible non utilizado na elaboración do POL 2003 base, por importe de 35.255,87 €, en relación coa cantidade asignada anualmente a esta provincia para a elaboración do POL 2000-2006.

Visto o Plan complementario aprobado conxuntamente co Plan base 2003 no mesmo acordo plenario do 31 de xaneiro de 2003 e posteriormente ampliado por acordo plenario do 28 de febreiro de 2003.

1.-Aproba-lo adicional nº 1 á anualidade 2003 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, FEDER, Deputación e concellos, por aplicación dos remanentes producidos nas baixas de licitación de 18 das 19 obras novas incluídas no POL base 2003, así como por aplicación do dispoñíbel non utilizado na elaboración do POL 2003 base en relación co importe asignado a esta provincia para cada anualidade.

As cifras globais de financiamento, detalladas por anualidades e axentes financiadores son as seguintes:

	ANUALIDADE 2003	ANUALIDADE 2004	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	205.204,83	268.962,51	474.167,34
FEDER	1.033.853,91	1.354.845,36	2.388.699,27
DEPUTACIÓN	364.097,31	477.452,48	841.549,79
CONCELLO	84.376,63	110.592,65	194.969,28
TOTAL	1.687.532,68	2.211.853	3.899.385,68

A Deputación financiará as cantidades que lle correspondan ós concellos.

O importe total de 1.687.532,68 € a que ascende a anualidade 2003 do POL Adicional 1/2003, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2003.

2.- Aproba-los proxectos dos investimentos anuais e plurianuais 2003-2004 que se inclúen no POL adicional 1/2003, e que a continuación se relacionan con detalle do seu financiamento por anualidades.

MEDIDA 5.3

Concello.	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS		
			CONTRATA	FEDER-MAP	FEDER-LOCAL	MAP	DEPUT.	CONCELLO
06 ARZÚA	ACABADOS: EDF.	03.2301.0110.0	295.867,46	25.178,32	181.928,90	10.799,16	63.167,71	14.793,37
	MULTIUS.-MERCADO 2-F PL.	04.2300.0110.0	405.604,35	34.516,93	249.406,11	14.804,56	86.596,53	20.280,22
	TOTAL		701.471,81	59.695,25	431.335,01	25.603,72	149.764,24	35.073,59
23 CEE	ADEC. REDE SANEAMENTO EN CEE PL.	03.2301.0111.0	243.707,67	20.739,52	149.855,85	8.895,33	52.031,59	12.185,38
		04.2300.0111.0	334.098,57	28.431,79	205.437,21	12.194,60	71.330,04	16.704,93
	TOTAL		577.806,24	49.171,31	355.293,06	21.089,93	123.361,63	28.890,31
33 DODRO	ABAST. AUGA A MANSELLE E O. PL.	03.2301.0112.0	80.088,43	6.815,53	49.246,38	2.923,23	17.098,87	4.004,42
		04.2300.0112.0	109.793,13	9.343,40	67.511,80	4.007,45	23.440,82	5.489,66
	TOTAL		189.881,56	16.158,93	116.758,18	6.930,68	40.539,69	9.494,08
33 DODRO	SAN. ABAST. A BANDE-TARRIO E O. PL.	03.2301.0113.0	84.124,56	7.159,00	51.728,19	3.070,55	17.960,59	4.206,23
		04.2300.0113.0	115.326,26	9.814,26	70.914,12	4.209,41	24.622,16	5.766,31
	TOTAL		199.450,82	16.973,26	122.642,31	7.279,96	42.582,75	9.972,54
47 MESIA	ABAST. AUGA POTABLE MESIA PL.	03.2301.0114.0	189.984,76	16.167,70	116.821,63	6.934,44	40.561,75	9.499,24
		04.2300.0114.0	260.449,88	22.164,28	160.150,63	9.506,42	55.606,06	13.022,49
	TOTAL		450.434,64	38.331,98	276.972,26	16.440,86	96.167,81	22.521,73
49 MOECHE	BARRED-ASPIRA D. E LIMP. FOXOS	03.2301.0115.0	74.100,00	6.305,91	45.564,09	2.704,65	15.820,35	3.705,00
	TOTAL		74.100,00	6.305,91	45.564,09	2.704,65	15.820,35	3.705,00
77 STA. COMBA	EDIF. MULTIUSOS SANTA COMBA PL.	03.2301.0116.0	354.886,50	30.200,84	218.219,71	12.953,36	75.768,26	17.744,33
		04.2300.0116.0	486.513,50	41.402,30	299.157,15	17.757,74	103.870,63	24.325,68
	TOTAL		841.400,00	71.603,14	517.376,86	30.711,10	179.638,89	42.070,01

83 TOQUES	AMPL.REDE XERAL AUGA POTABLE PL.	03.2301.0117.0	138.143,83	11.756,04	84.944,64	5.042,25	29.493,71	6.907,19
		04.2300.0117.0	189.381,22	16.116,34	116.450,51	6.912,41	40.432,90	9.469,06
		TOTAL	327.525,05	27.872,38	201.395,15	11.954,66	69.926,61	16.376,25
88 VAL DO DUBRA	AMPL. COLECTORES SAN. BEMBIBRE PL.	03.2301.0118.0	139.941,39	11.909,01	86.049,96	5.107,86	29.877,49	6.997,07
		04.2300.0118.0	191.845,49	16.326,05	117.965,79	7.002,36	40.959,02	9.592,27
		TOTAL	331.786,88	28.235,06	204.015,75	12.110,22	70.836,51	16.589,34

**TOTAL
MEDIDA 5.3**

2.003	1.600.844,60	136.231,87	984.359,35	58.430,83	341.780,32	80.042,23
2.004	2.093.012,40	178.115,35	1.286.993,32	76.394,95	446.858,16	104.650,62
TOTAL	3.693.857,00	314.347,22	2.271.352,67	134.825,78	788.638,48	184.692,85

MEDIDA 3.1

Concello.	DENOMINACIÓN	Código	ORZAMENTO	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS		
			CONTRATA	FEDER-MA P	FEDER-LOC AL	MAP	DEPUT.	CONCELLO
58 OLEIROS	MELL. REDE XRAL. DISTRIB. AUGA EN OLEIROS PL.	03.2301.0119.0	86.688,08	6.852,69	49.494,56	3.689,44	22.316,99	4.334,40
		04.2300.0119.0	118.840,60	9.394,35	67.852,04	5.057,86	30.594,32	5.942,03
		TOTAL	205.528,68	16.247,04	117.346,60	8.747,30	52.911,31	10.276,43

**TOTAL
MEDIDA 3.1**

2.003	86.688,08	6.852,69	49.494,56	3.689,44	22.316,99	4.334,40
2.004	118.840,60	9.394,35	67.852,04	5.057,86	30.594,32	5.942,03
TOTAL	205.528,68	16.247,04	117.346,60	8.747,30	52.911,31	10.276,43

CADRO RESUMO DAS DÚAS ANUALIDADES			ORZAMENTO	FEDER		ACHEGAS NACIONAIS		
			CONTRATA	FEDER-MA P	FEDER-LOC AL	MAP	DEPUT.	CONCELLO
2.003			1.687.532,68	143.084,56	1.033.853,91	62.120,27	364.097,31	84.376,63
2.004			2.211.853,00	187.509,70	1.354.845,36	81.452,81	477.452,48	110.592,65
TOTAL			3.899.385,68	330.594,26	2.388.699,27	143.573,08	841.549,79	194.969,28

3.- En uso das facultades conferidas ó Pleno da Corporación no artigo 155.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificar expresamente as

porcentaxes anuais fixadas no devandito artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa o indicado no apartado anterior.

4.- A Deputación comprométese a incluír no orzamento do 2004 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades das obras plurianuais, así como a suplir con fondos propios se fose necesario, as achegas do resto das Administracións cofinanciadoras.

5.- As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais devanditas anticiparán o financiamento delas, aplicándose polo importe total na minoración da última ou, no seu caso, derradeiras anualidades previstas.

6.- Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para efectos de que durante o prazo de dez días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

7.- Remiti-lo expediente para informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

8.- Remiti-lo expediente para informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

9.- Remiti-lo expediente para informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación establecida na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

10.- Unha vez transcorrido o prazo de 10 días de información e exposición pública, considerárase definitivamente aprobado o Programa operativo local adicional 1/2003."

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN PEDRA QUEIMADA E OUTRAS" DO CONCELLO DE MALPICA, INCLUÍDA NO POS AD 3/2002 CÓDIGO 02.2103.0433.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Pavimentación pedra queimada e outras" do Concello de Malpica de Bergantiños incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 3/2002 (código: 02.2103.0433.0) cun

orçamento de contrata de 29.874,77 € que non representa unha variación no seu orzamento total, pero si implica unha alteración substancial do contido do proxecto xa que substitúe unhas pavimentacións por outras tal e como se especifica na memoria do proxecto.”

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA ACCESOS VINSEIRA GRANDE E OUTROS”, DO CONCELLO DE CULLEREDO, INCLUÍDA NO POS 2003 CÓDIGO 03.2100.0142.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Visto o proxecto modificado con incremento da obra “Mellora de accesos Vinseira Grande e outros” do concello de Culleredo, incluída no POS 2003 co código: 03.2100.0142.0, presentado polo citado concello tras quedar deserta a licitación convocada para adxudicar o proxecto inicial.

1º.-Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora de accesos Vinseira Grande e outros” do concello de Culleredo, incluída no POS 2003 co código: 03.2100.0142.0. O proxecto modificado implica un incremento no orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da deputación e do Estado.

<u>Código: 03.2100.0142.0 Mellora accesos Vinseira Grande e outros: Concello de Culleredo</u>			
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto Reformado</u>	<u>Diferencia</u>
Deputación f. propios	13.741,6	13.741,6	0
Deputación préstamo	15.273,14	15.273,14	0
Estado	5.985,26	5.985,26	0
Concello	3.991,93	15.281,65	11.289,72
TOTAL	38.991,93	50.281,65	11.289,72

2º.-Dispor a súa publicación no BOP para efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

4º.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

5º.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe sobre isto, considerándoo emitido favorable despois de transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

**6.-APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA
“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS ESTRADA BUÑO-XORNES E OUTRO”
DO CONCELLO DE MALPICA INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO
03.2100.0176.0.**

INTERVENCIONES

Sra. Candacia Pita

Só para anunciar a nosa posición de abstención, porque ten incremento de orzamento, e como é tradicional, o noso posicionamento é de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o proxecto modificado con incremento da obra “Construcción beirarrúas estr. Buño-Xornes e outro”, do concello de Malpica de Bergantiños, incluída no POS 2003. Código: 03.2100.0176.0, presentado polo citado concello.

E tendo en conta que o concello de Malpica de Bergantiños non esgotara no POS 2003 base a totalidade da subvención asignada ó concello.

1º.-Aprobar o proxecto modificado da obra “Construcción beirarrúas estr. Buño-Xornes e outro” do concello de Malpica de Bergantiños, incluída no POS 2003. Código: 03.2100.0176.0. O proxecto modificado implica un incremento no orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente pola deputación, permanecendo invariables as achegas do concello e do Estado.

03.2100.0176.0 “Construcción beirarrúas Estra. Buño - Xornes e outro” Concello de Malpica de Bergantiños			
	<u>Proxecto inicial</u>	<u>Proxecto Reformado</u>	<u>Diferencia</u>
Deputación f. propios	11.060,23	21.364,21	10.303,98
Deputación préstamo	12.260,94	12.260,94	0
Estado	4.804,84	4.804,84	0
Concello	3.175,86	3.175,86	0
TOTAL	31.301,87	41.605,85	10.303,98

O financiamento do incremento experimentado no orzamento do proxecto modificado realizarase con cargo á partida 0501/911A/76240.

2º.-Disponer a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude.

4º.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.

5º.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe sobre este respecto, considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA ABOAMENTO DOS GASTOS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO NÚM. 3 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar un convenio de colaboración co concello de Arteixo para o aboamento dos gastos de enerxía eléctrica, mantemento e reparación da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón, co texto que figura como anexo, engadíndose como inciso final na cláusula 8 o seguinte parágrafo: “En todo caso, ámbalas corporacións comprométense a regularizar o pagamento dos consumos habidos con anterioridade á data de instalación do contador”.

Todo isto condicionado á aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos do Pleno núm. 1/2003, aprobado polo pleno en sesión celebrada o 28.03.03 e publicado no BOP núm. 75 con data do 01.04.03.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARTEIXO PARA O ABOAMENTO DOS GASTOS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO NÚMERO TRES DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN.

A Coruña, 4 de abril de 2003.

Dunha parte o Ilmo. Sr. presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, D. José Luis Torres Colomer, asistido polo secretario xeral desta D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte, o Sr. alcalde-presidente do Concello de Arteixo, D. Manuel Pose Miñones, asistido polo secretario xeral desta D.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

EXPOÑEN QUE:

1º.-A Comisión Delegada para Asuntos Económicos, na súa sesión do 9 de setembro de 1964, acordou a creación dun polígono industrial, dentro do Polo Industrial da Coruña, na zona de Sabón; aprobándose, mediante o Decreto 1.429/1965, do 14 de agosto, o proxecto definitivo presentado por esta Excma. Deputación Provincial.

2º.-Esta Excma. Deputación Provincial ven prestando, desde a súa creación o servizo de fornecemento de auga e rede de sumidoiros ás empresas instaladas dentro do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

3º.-Do contido dos artigos 25 parágrafo 1º, apartado 1) e 26 apartado a) da Lei reguladora das bases de réxime local e 80 do parágrafo 2º apartado 1) e 81 apartado a) da

Lei de Administración local de Galicia, despréndese que é competencia de tódolos municipios a instalación dunha rede de sumidoiros; prestando en cumprimento de tales disposicións o Concello de Arteixo o dito servicio ós núcleos de poboación que o integran.

4º.-Para prestar o servicio de rede de sumidoiros no Polígono Industrial de Sabón están instaladas tres estacións de bombeo, unha delas (a estación de bombeo número tres) situada na zona verde existente entre as parcelas 109 e 110 do Polígono Industrial de Sabón. Nesta estación están instaladas bombas que prestan servicio a esta Excm. Deputación e outras que o fan ó Concello de Arteixo, recolléndose nela as augas residuais procedentes tanto da rede de sumidoiros do propio polígono como da rede de sumidoiros municipal de Arteixo (as dos núcleos de Arteixo-Baiuca, Vilarodís, Oseiro, etc.) o que fai necesario regular a achega de ámbalas entidades ós gastos de mantemento e reparación das bombas e demais instalacións.

5º.-O apartado d) do artigo 55 da Lei reguladora das bases de réxime local, en concordancia co disposto no artigo 4 da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que para a efectividade da coordinación e a eficacia administrativas, as Administracións do Estado e das comunidades autónomas, dun lado, e as entidades locais, doutro, deberán nas súas relacións recíprocas prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras Administracións puideran precisar para o eficaz cumprimento das súa tarefas.

6º.-Así mesmo, o artigo 187 da Lei de Administración local de Galicia, determina que as Administracións públicas galegas axustarán as súas relacións ós principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto ós correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia na xestión administrativa. Así mesmo, a Xunta de Galicia exercerá as funcións de coordinación que establece o Estatuto de autonomía de Galicia; regulando os artigos 193 e 195 a colaboración e cooperación entre Administracións, establecendo o apartado h) do citado artigo 195 que unha das formas a través das cales se poderá realizar a colaboración é a subscripción de convenios (disposición concordante co contido do artigo 6 da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), regulando os artigos 198 e 199 os convenios de cooperación.

7º.-O Pleno da corporación provincial mediante acordo adoptado na súa sesión con data do _____, aprobou as bases do Convenio de colaboración co Concello de Arteixo, para o financiamento dos gastos de mantemento e reparación das instalacións e elementos da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón. Bases que foron ratificadas polo Concello de Arteixo mediante

8º.-Na actualidade está pendente de regularizar a situación da subministración de enerxía eléctrica á citada estación de bombeo coa entidade mercantil Unión Fenosa Distribución, S.A., á que se lle debe o aboamento da citada subministración desde abril de 1998 ata a data, cifrándose o total debido nun máximo de 415.450,92.- €.

9º.-Tocante á dita instalación é conveniente sinalar que con data do 28 de xaneiro de 1998, a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio emitiu a autorización para a posta en servizo das instalacións dunha liña de media tensión subterránea na estación que nos ocupa. A citada autorización deixa constancia que o titular das instalacións eléctricas e, polo tanto, o solicitante da autorización é o concello de Arteixo. Igualmente, na data do 21 de xaneiro de 1998, Unión Fenosa, dando contestación a un escrito con data do 13 de xaneiro de 1998, da entidade mercantil Espina Obras Hidráulicas, S.A., informaba que non había inconveniente para a subministración de enerxía eléctrica ás instalacións dunha estación de bombeo do Concello de Arteixo asentados no Polígono Industrial de Sabón para unha potencia de 280 Kw de media tensión.

10º.-Así mesmo queda por regularizar a situación do fornecemento de auga ó Concello de Arteixo a través dun entubado na zona escolar situado nas parcelas 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46 e 47 do Polígono Industrial de Sabón.

Por todo o cal, ACORDAN formalizar o presente convenio conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA- Celebrar un Convenio de Colaboración entre a Excmá. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Arteixo, que ten como obxecto o financiamento dos gastos de subministración de enerxía eléctrica, mantemento e reparación das instalacións e elementos da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón.

A duración do presente convenio estenderase ata que as circunstancias de xestión das citadas instalacións se vexan substancialmente alteradas, ou ata cando se produza unha alteración substancial na chegada de augas residuais.

SEGUNDA- Para o financiamento dos gastos de subministración de enerxía eléctrica, mantemento e reparación das instalacións e elementos da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón, a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo aboarán cada unha delas o 50% de ditos gastos.

TERCEIRA- A contratación e execución das reparacións necesarias para asegurar o adecuado funcionamento da instalación mencionada no apartado primeiro realizaraa o Concello de Arteixo, ben a instancia desta Excmá. Deputación Provincial, ben de oficio poñendo en coñecemento da Deputación provincial a aprobación da execución das obras,

todo isto previa a tramitación do oportuno expediente administrativo en que se xustifique a existencia de crédito dispoñible para o efecto, así como a aprobación do órgano competente.

CUARTA.- Para os efectos de coñecemento por esta Excma. Deputación Provincial, o concello remitiralle, no prazo máximo dun mes contado desde a data de adxudicación, o adxudicatario e, se é o caso, data de formalización dos contratos que se formalicen para dar cumprimento co obxecto do presente convenio. En todo caso, para formalizar o contrato de mantemento das instalacións obxecto do convenio será requisito imprescindible a aprobación previa por parte de ámbalas entidades das bases da contratación.

QUINTA.- Esta Excma. Deputación Provincial procederá ó ingreso na Caixa do Concello de Arteixo, contra certificación expedida polo interventor do citado concello na que figura o número e importe da factura e a data en que fora aboada, e tralos informes previos dos Servicios de Vías e Obras e Patrimonio e Contratación e da Intervención Xeral así como resolución da Presidencia ordenando o ingreso, das seguintes cantidades:

A)O 50% das facturas de electricidade no prazo máximo dun mes contado desde a data en que se lle notifique a aprobación da correspondente factura da entidade mercantil Unión-Fenosa Distribución, S.A., ou aqueloutra que, en virtude do proceso de deliberación do mercado da enerxía, puidera resultar adxudicatoria no proceso selectivo que se abra.

B)O 50% correspondente ás facturas de gastos de reparación e mantemento, no prazo máximo dun mes contado desde a data de notificación da aprobación da factura ou certificación de execución de obra, neste caso requirirase o informe previo do Servicio de Vías e Obras.

SEXTA.- O presente convenio terá efectos retroactivos no que se refire ó aboamento dos gastos derivados da conexión e da subministración de enerxía eléctrica necesarios para asegurar o correcto funcionamento das bombas da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón, fixándose a dita retroacción con data do 1 de decembro de 1997, data en que entrou en funcionamento a bomba instalada por esta Excma. Deputación Provincial correndo cos gastos anteriores á dita data o Concello de Arteixo.

Así mesmo, producirá efectos retroactivos no tocante ós pagamentos realizados pola Excma. Deputación Provincial por reparacións nas instalacións da dita estación de bombeo. Para isto a deputación procederá á verificación dos pagamentos realizados; unha vez realizada tal verificación procedera ó reintegro o Concello de Arteixo do 50% de tales gastos, mediante a súa compensación nos pagamentos que deba facer a Deputación provincial, tales gastos, mediante a súa compensación nos pagamentos que deba facer a

Deputación provincial, acompañándose, nestes casos, ós acordos de ingreso de certificación en que figuren os datos de tales pagamentos.

SÉTIMO.- Para facer fronte ós gastos derivados do presente convenio ámbalas Administracións habilitarán nos seus orzamentos para o ano 2003 a cantidade de 330.000.-€ para responder dos gastos de enerxía eléctrica, e 30.000.-€ para facer fronte ós gastos de reparacións, todo isto sen prexuízo da tramitación dos expedientes de modificación de créditos que sexan necesarios como consecuencia da vida do convenio.

OITAVO.- Tocante co entubado situado na zona escolar situado nas parcelas 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46 e 47 do Polígono Industrial de Sabón para fornecemento de auga ó Concello de Arteixo, este obrígase a instalar, no prazo máximo de 15 días naturais contados desde a data da sinatura do presente convenio, un contador cunhas características técnicas e instalación axustaranse ás instrucións que lle dea o persoal desta Excma. Deputación Provincial que presta os seus servizos no Polígono Industrial de Sabón. Unha vez instalado o citado contador, procederase a facturarlle ó Concello de Arteixo a subministración de auga de conformidade co establecido na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa por servizos no Polígono Industrial de Sabón.

NOVENO.- A entrada en vigor do presente convenio quedará condicionada á aprobación polo Pleno da Excma. Deputación Provincial do expediente de modificación de crédito no que se habiliten as partidas orzamentarias para facer fronte ós gastos que se derivan deste convenio. Así mesmo, condiciónase a súa entrada en vigor á habilitación das partidas orzamentarias necesarias por parte do Concello de Arteixo.

DÉCIMO.- En todo caso, as tarefas de vixilancia e control tanto das instalacións e como da correcta execución das tarefas de reparación correrán a cargo do persoal desta Excma. Deputación Provincial adscrita ó Polígono Industrial de Sabón.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten porán fin á vía administrativa, cabendo tan só contra elas recurso contencioso-administrativo.

Correspóndelle ó presidente da Excma. Deputación Provincial a interpretación, modificación e resolución de calquera cuestión suscitada en relación co cumprimento do presente convenio, así como a resolución del.

Para resolver calquera dúbida ou lagoa que se presente na interpretación ou aplicación do presente convenio aplicárase, con carácter supletorio, o disposto no texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas así como a lexislación dictada en desenvolvemento desta.

En proba de todo o cal asinan o presente documento en exemplar triplicado no lugar e data da cabeceira.

O Ilmo. Sr. presidente da Excma.
Deputación Provincial da Coruña

O Sr. alcalde-presidente do
Concello de Arteixo

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Manuel Pose Miñones

O secretario xeral da Excma. Deputación
Provincial da Coruña

A Secretaria Xeral do
concello de Arteixo

Asdo.: José Luis Almau Supervía

Asdo.:

8.-DELEGACIÓN NO CONCELLO DE CARBALLO DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DA OBRA “CENTRO SOCIO CULTURAL DE SOFÁN 1ª FASE PL.” INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADES 1999, 2000 E 2001. CÓDIGO 99.3400.1086.0 E APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO CON INCREMENTO DESTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“Tendo en conta que mediante Resolución da Presidencia núm. 1728 do 14 de febreiro de 2003 dispúxose a declarar a resolución por mútuo acordo do contrato de execución da obra “Centro socio cultural de Sofán, 1ª fase, pl.”, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1999, 2000 e 2001. Código: 99.3400.1086.0 que estaba totalmente pendente de executar.

Visto o acordo adoptado por esta deputación o 3 de maio de 2002 relativo á delegación nos respectivos concellos dos investimentos incluídos nas anualidades 1997, 1998 e 1999 do Plan 2000 de infraestructuras do que a contratación lle correspondía inicialmente á deputación e que se achen pendentes de contratar, no que se indicaba que a delegación podería afectarlle a aqueles investimentos que estaban adxudicados pola deputación e do que o contrato puidera ser resolto nun futuro, de modo que prevía a realización dos trámites administrativos e orzamentarios necesarios puideran ser contratadas e executadas polos respectivos concellos.

Posto que por parte do Concello de Carballo se adoptou un acordo plenario de solicitude da delegación da contratación e execución desta obra e asemade se presentou o proxecto modificado con incremento dela, financiando o concello o dito incremento e presentando certificación acreditativa da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos para financiar o incremento experimentado polo proxecto modificado.

E dado que existe consignación suficiente na partida orzamentaria de aplicación para facer fronte á achega da deputación.

1º.-Aprobar o proxecto modificado da obra “Centro socio cultural de Sofán, 1ª fase, pl.”, incluída no Plan 2000 de infraestruturas, anualidades 1999, 2000 e 2001. Código: 99.3400.1086.0 polo seu orzamento de 135.975,14. O proxecto modificado implica un incremento por importe de 10.721,77 no orzamento en relación co proxecto inicial que ascendía a 125.253,37 tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello (anualidade 2001), permanecendo invariable a achega da deputación.

Código: 99.3400.1086.0				
Centro socio cultural de Sofán, 1ª fase, Pl, Concello de Carballo				
	Ozamento <u>1999</u>	Orzamento <u>2000</u>	Orzamento <u>2001</u>	Orzamento <u>total</u>
Deputación fondos propios	55.111,48		32.565,88	87.677,36
Deputación préstamo		37.576,01		37.576,01
Concello	0	0	10.721,77	10.721,77
TOTAL	55.111,48	37.576,01	43.287,65	135.975,14

2º.-Delegar no Concello de Carballo a contratación e execución desta obra.

3º.-O financiamento desta obra realizarase con cargo á partida 0501/519Z/76287 do Plan 2000 de infraestruturas-obras contratadas polos concellos.”

9.-APROBACIÓN DO PLAN XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2003.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Quixera dividir a miña intervención sobre este punto en dúas partes, que teñen moito que ver aínda que son moi diferentes. A primeira delas é un posicionamento de carácter global respecto á proposta que se trae hoxe aquí, e que ten que ver fundamentalmente coa aplicación dunhas bases que se aprobaron no seu día, que deron lugar a un importante debate, pensamos nosoutros, a un interesante debate, porque precisamente entrouse no fondo da cuestión, que non era outro que ver qué criterios se aplicaban para algo que todos e todas coincidiamos que era necesario, que era efectivamente aplicar un plan para as infraestruturas locais e de transporte, ou para as vías e travesías municipais, que niso non había dúbida ningunha, pero cál era o mecanismo que se aplicaba e cáles eran as bases que se utilizaban. Eu quería lembrar aquí que un dos grandes puntos de debate na aprobación desas bases foi precisamente os conceptos ós que se lle aplicaban, a relación que se utilizaban para aplicar as cantidades correspondentes, e fundamentalmente, algo que a nosoutros nos interesaba moitísimo, como era precisamente que, dado que se vai facer unha actuación no conxunto dos concellos da provincia, ter en conta precisamente unha clave, que é a dispersión dos núcleos de poboación que existe no conxunto da nosa provincia que, como ben se sabe aquí, superan neste momento os 13.000. Entendiamos e seguimos entendendo que á hora de artellar un plan de semellantes características, que teña certa vontade de permanencia, que ademais pensamos que debe de ser así, débérase ter en conta precisamente, aquilatar ou pulir suficientemente os criterios para evitar que a aplicación destes nos poida dar lugar precisamente a algo que contribúa moitísimo máis aínda a que ese fenómeno da dispersión se agudice.

Neste senso, concretamos e no seu momento fixemos unha proposta específica no seu momento, que era que se reorientaran as bases e en lugar da aplicación do criterio do número de parroquias, que é un criterio que non é real, polo menos no tocante á aplicación racional deste tipo de fenómenos, que se aplicara precisamente o de existencia de núcleos de poboación, ¿por que? para que esa aplicación tendera moito máis a que eses núcleos poidan saír precisamente da situación na que están neste momento. Como se viu na aprobación da primeira anualidade, isto ocasionou cuestións curiosísimas, como concellos que no reparto de número de parroquias, nesa distribución que está feita neste momento no eido parroquial, déralles, por exemplo, tres parroquias máis nada, pero nembargantes teñen un número elevadísimo de núcleos de poboación, e precisamente aí se concrete o agravio que hai na aplicación en concreto dese criterio. Isto vén a conto porque precisamente o que facemos hoxe aquí é aprobar unha nova fase deste plan no que se incide precisamente no que cremos nosoutros, un erro importante que non se corrixiu e que, en todo caso, en certa maneira orienta mal o final da aplicación deste plan, por máis que todos e todas sabemos que aquí se van facer obras que son necesarias, pero non é o mesmo que se aplique un criterio ca que se aplique outro, se calquera bota unha ollada á listaxe de obras que veñen aquí vese que hai

concellos que resultan agraviados, sobre todo aqueles que teñen unha dispersión poboacional moitísimo máis grande, que son curiosamente, ou serían, os que máis necesidades terían de contar con fondos, é dicir, o que chamamos aquí sempre xustiza redistributiva, ou o que denominamos unha discriminación positiva.

En calquera caso, esa é a razón fundamental de que nosoutros nos vaíamos abster na aprobación dese plan global, porque non é outra cousa que a aplicación dunhas bases que se aprobaron aquí pola maioría desta corporación, coas cales nosoutros non coincidimos, por máis que queremos e imos respectar a vontade dos concellos en incluír obras aquí.

E a segunda parte quero dicir é resultado de todo isto. Eu dixen hai un momento que pola aplicación precisamente destes criterios que aquí se aprobaron os concellos que quizais non teñan moitos quilómetros cadrados de extensión pero que teñen gran dispersión de poboación e que, teñen un número pequeno de parroquias. Hai algúns que están nesa situación. Ben, eses concellos curiosamente son os que menos van recibir en aplicación precisamente das bases que fixemos aquí. E hai máis dun. Se se mira a listaxe vese que hai cousas que chaman a atención, precisamente que un non entende moito porque aí xa non é o número de habitantes, senón que precisamente hai outros fenómenos que distorsionan. Vou ó centro do debate da comisión que tivemos o outro día, que non é outro que unha corrección que se fixo para aprobar no seu momento por parte da comisión. Houbo un debate importante, pensamos nosoutros, nesa comisión, aínda que houbera xente que non entendera moi ben de qué se estaba a falar pero cremos que a maioría dos que estabamos alí entendemos bastante ben do que se estaba a falar. Ben, na proposta que trae hoxe para aprobar este pleno exceptúanse da aprobación da listaxe de obras dous concellos: o Concello de Coristanco segundo reza na xustificación e no expediente, con toda claridade porque simple e sinxelamente, como diría o outro, presentan a solicitude fóra de prazo; e o Concello de Corcubión, porque a cantidade que se lle asigna, sendo un dos máis, senón o máis, prexudicado, precisamente pola aplicación dos criterios que aquí se aprobaron, a cantidade que aquí se lle asigna impide que no caso que nos ocupa, que é o que o concello pide se faga subministración, estaría obrigado a pór unha cantidade moi elevada, dado que a cantidade que lle asigna a deputación é moi cativa. A proposta que ía o outro día á comisión era, por un lado, que se incluíra o Concello de Coristanco, con esa salvidade de que entrou fóra de prazo, pero entendeu que se debía incluír igual porque segundo se dixo había razóns técnicas que motivaron que esa solicitude entrara fóra de prazo, e en segundo lugar, que para o caso do concello de Corcubión se fixera unha excepción coa modificación da base que non puxera o teito onde tiña o límite para facer contratación de subministración. Nun dos casos é evidente que o que se trataba era unha maneira clara e evidente de saltarse as bases, é dicir, un concello que incumpre inclúese igual, e noutro caso do que se trataba era de facer unha excepción, porque as bases, da maneira en que están formadas dan lugar a que un dos concellos sexa agraviado neste caso.

Non vou reproducir aquí o debate que tivemos, pero en calquera caso si quero dicir que é evidente que non estamos diante de dous casos similares; un caso é un: non pide dentro do prazo e polo tanto hai que ver o que se fai; o outro caso é diferente, porque é un concello que á parte de lle dar unha cantidade ridícula obrígaselle, presiónaselle, para que para facer a contratación dunha subministración teña que pór unha cantidade elevadísima por parte da institución municipal, é dicir, un concello que padece a elaboración dunhas bases que non fixemos ben. E aquí habería que pulir e facer esa modificación. Ben, a solución que ía o outro día a comisión, e de aí vén a nosa sorpresa, polo resultado final do debate que alí se deu, que desde logo na proposta que se trae a este pleno non ten nada que ver ¿non?, e advirto que nosoutros ímonos abster igual pola razón que dixen antes.

Pero en calquera caso chámamos a atención que do debate que se deu o outro día na comisión a estas alturas nosoutros non saibamos qué posición vai manter o grupo de goberno para resolver -se é que quere ou é que pode-, o caso dos dous concellos que quedan fóra, o caso de Coristanco e o de Corcubión. Tendo en conta que as solucións para cada un deles son diferentes, nun deles pasa por unha decisión política, que é indubidable que haberá que tomala, e noutro deles pasa por unha modificación, porque sería permitir desde o punto de vista legal, que si que se pode facer, permitir que desde o punto de vista legal se fixera unha corrección para evitar que ese agravio que se dá con ese concello non se dera.

Vou terminar dicindo que parece un pouco hipócrita a resposta que se trae aquí neste punto, porque o debate que se deu aquí o outro día era máis ou menos do teor seguinte: se facemos a excepción, temos que facer a publicación no boletín e isto retrasa a contratación do resto das obras, é dicir, hai un agravio para o resto dos concellos. E dicimos que a nosoutros isto resúltanos unha posición un pouco hipócrita, porque no punto número 13 que se vai aprobar aquí, máis nada e nada menos que o que van facer vostedes é modificar as bases do Plan de turismo da natureza, da anualidade do ano 2002, fíxense vostedes, vaise aprobar no punto número 13 ampliar ata o 30 de setembro do ano 2003 o prazo para a xustificación das obras do turismo da natureza do ano 2002. É curiosísimo esa rara vara de medir, esa diferente e curiosa vara de medir que teñen vostedes para aplicar nuns plans e noutros non, porque o outro día se dicía: “se aplicamos isto, se exceptuamos, hai que volvelo a publicar, e isto atrasa todo...”, se non atrasa máis do que vai retrasar a contratación das obras do Plan de natureza, porque é obrigatorio cando se fai unha modificación expoñelo, todos sabemos, aínda que non levemos moito tempo aquí, que cando se toman uns acordos expóñense ó público, sempre se expoñen ó público, e poden ser recurridos polos que queiran os que están e os que non están.

Polo tanto, reiterando a nosa abstención por esa razón de fondo, parécenos que é un pouco sorprendente a forma en que, se é que existe un problema, que parece que existe, a forma en que se pretende resolver ese problema dun concello que quedou fóra do plan por presentar a súa solicitude fóra do prazo, e doutro que queda fóra porque as bases que se lle

poñen fanlle, na práctica, agás que se faga un esforzo de triplicar o investimento que tería que facer, obrígaselle na práctica a que quede fora deste plan por unhas bases que non se elaboraron ben porque non previron que cunha cantidade pequena se puideran contratar subministracións.

Entón, polo tanto, gustaríanos saber se é que se nos puidera contestar, porque foi unha pregunta que tamén se fixo o outro día na comisión, de que forma ten pensado o grupo de goberno resolver esta situación que queda pendente, porque nin sequera no acordo que se vai tomar se di que se mirará unha alternativa, ó mellor é que non se vai mirar, ben, pois que se diga que non se vai mirar unha alternativa e que queden os dous fóra: un, por incumprir as bases e outro por entrar fóra de prazo; pero despois que non se nos veña dentro dun mes dicindo que se quere solucionar esta cuestión.

Polo tanto, nosoutros pensamos que se puido solucionar esta cuestión co debate que se deu na comisión e buscando unha alternativa, que nosoutros entendemos que esa alternativa podía ser perfectamente a proposta que ía o outro día á comisión, porque non paralizaba en absoluto, a exposición en dez días hai que facela igual coas propostas que traen vostedes aquí a comisión. Pensamos que é un mal acordo, un acordo bastante “trapalleiro”, tan “trapalleiro” é que tivemos que suspender a comisión, en todo o tempo que levo eu aquí nunca tivemos que suspender unha comisión para ver cómo se continuaba para adiante, pero ben, en fin, como diría o outro: “agora que nos imos, cousas veredes”.

En calquera caso, nosoutros imos seguir absténdonos porque non nos gusta nada nin o contido de fondo nin cómo se resolve un problema real que existe na exclusión dos concellos.

Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista podería compartir algunhas das cuestións que formulou o Sr. representante do Bloque Nacionalista Galego, pero o noso voto vai ser contrario ó expresado por el; o noso voto vai ser favorable, porque aquí o que se nos formula no punto 8 é aprobar un Plan XXI de infraestruturas locais de transportes e travesías municipais 2003, é un plan no que se lle asignaron unhas cantidades a todos os concellos, pedíronselles que se solicitasen unhas obras, todos os concellos presentaron en prazo esas obras e aprobamos, e os que non presentaron ou teñen algún problema, quedan fora, é o lóxico, porque buscar outra solución a estas alturas suporía demorar a aprobación e, en definitiva, castigar a aqueles concellos que foron dilixentes e cumpriron coas súas obrigas presentando os proxectos en prazo e tempo.

É certo que hai dous concellos que quedan fóra: o concello de Coristanco e o concello de Corcubión, e como dixo o Sr. representante do Bloque, polos dous motivos diferentes. A solución que se formulaba na comisión informativa era unha solución que entendemos todos que non era unha solución boa nin pertinente, pero si é certo que é difícil, eu creo, modificar os criterios de distribución dos fondos da deputación, en primeiro lugar porque non hai demanda de concellos para que se modifiquen eses fondos, todo se pode explicar, todo se pode estudar, e todo é susceptible de mellora e de perfeccionamento, pero en calquera caso calquera modificación de criterio que se estableza nos repartos de fondos provinciais vai afectar positivamente a uns concellos e vai afectar negativamente a outros concellos. Algún concello deixaría de percibir diñeiro e outros concellos percibirían máis, co cal solucionaríamos un problema pero crearíamos outros problemas. É certo que hai un caso singular no concello de Corcubión, é un concello cunha extensión territorial moi cativa, moi limitada, e a extensión territorial é unha variable importante na fixación dos fondos que lle corresponden, quizais sería conveniente, máis que modificar, xa non estamos á altura do curso en que nos encontramos, non sería conveniente presentar ningún tipo de modificación nestes criterios, pero si quizais sería conveniente estudar un caso particular e dar unha solución singular a un caso particular que se presenta como é o concello de Corcubión.

Non entendemos que fose conveniente ampliar o prazo de presentación e de execución destes proxectos porque podería crear problemas a aqueles concellos que si o presentaron en prazo. Pero o grupo socialista formulou unha proposta, unha alternativa, no afán que dicía o Sr. Doval de solucionar este problema. É certo que se os concellos teñen unha asignación, e é unha asignación que lles corresponde porque houbo un acordo de pleno nesta deputación que así o decidiu, temos que fixar as cuestións moi claramente, haberá que terminar un día coa actitude paternalista -e disto falaremos no punto 13 e 14-, coa actitude paternalista e de tutela da deputación, é dicir, os que cumpren, cumpren, e os que non cumpren pois algún día lles haberá que dicir: “mire vostede, non cumpriu e quédase fóra, faga vostede mellor o seu traballo, sexa máis dilixente, e cumpra coas súas obrigas”. Pero no afán que tivemos ata agora, de solucionar os problemas, de permitir que os concellos participen nos prazos, sendo flexibles nos prazos de execución e de presentación de proxectos, o grupo socialista formulara, e neste senso manifestou a súa opinión de que votaría favorablemente de traerse aquí un convenio singular co concello de Coristanco e co Concello de Corcubión, para que estes dous concellos tivesen a oportunidade de recibir ese diñeiro do que agora se quedan descolgados. De ser iso así -non se trouxo-, pero se iso fose así nosoutros votariamos favorablemente, pero en calquera caso imos votar favorablemente o punto 8 porque cremos que hai unhas normas, hai unhas bases, os concellos cumpriron, e lóxicamente son dereitos que eles teñen e temos que aprobar.

Non entendemos que sexa conveniente, aínda que sei que é un tema que formula recurrentemente o Sr. Rodríguez Doval, e pódese discutir, discutir os criterios se son os adecuados ou non son os adecuados, pero non é o momento, xa non hai máis plenos, queda

un pleno máis, non é o intre de tratar este tema, e formularíamos como solución, de consideralo e se así os grupos así o deciden e comparten este criterio, solucionar puntualmente o problema de Coristanco e Corcubión, singularizando esta subvención nun convenio que se podería traer a un pleno e favorecer que eles tiveran tamén dereito a percibir esta cantidade. Máis nada e moitas grazias, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

Para empezar, amosar que a intervención do voceiro do Bloque, fala dalgúns aspectos que se comentaron na comisión, pero obviou o compromiso da comisión de formalizar un convenio con estes concellos, tanto con Coristanco como con Corcubión.

Por outro lado, manifestar tamén que os criterios polos cales se vai resolver este plan, baixo o punto de vista do goberno, parécenos os máis xustos e os máis razoables, de fixérense os criterios de poboación, de superficie, de número de parroquias, ou de quilómetros de vías, parece que son criterios obxectivos totalmente ¿que pode haber outros criterios ou que poden participar noutra proporción? pois é posible. En todo caso, cambiar número de parroquias por número de núcleos, eu creo que gardan unha relación bastante directa, un concello que ten 18 parroquias ten 390 núcleos, e un concello que ten menos parroquias, habitualmente -habitualmente- ten menos núcleos tamén, normalmente.

E por outro lado, creo que mesmo desde o punto de vista tamén dun criterio racional, polo menos hai que meditar e pensar se o que queremos é primar a dispersión ou xustamente ó mellor o que debemos, a tendencia normal desde a institución, desde a Deputación provincial, o que habería era xustamente ir a criterios contrarios, é dicir, buscar propostas que incidan para que xustamente cada vez haxa menos dispersión, creo que é aí a tendencia a onde debemos ir.

Polo tanto, nosoutros entendemos que tanto no concello de Coristanco coma no concello de Corcubión van quedar resoltos os seus problemas con ese compromiso de buscar unha solución a través dun convenio, e loxicamente eu tampouco podo estar de acordo con determinadas afirmacións que se fan cando se di que a Corcubión se lle asignou unha cantidade ridícula; eu creo que non é así, asígnaselle o que lle corresponde, se ten pouca poboación, se ten pouca superficie, se ten poucos quilómetros de vías, se ten poucas parroquias, pois loxicamente lle corresponde menos que a outros que teñen diso moito máis. É dicir que o que se asigna a calquera concello non é nada graciable, senón que é obxectivable, esa é a diferenza, e polo tanto a Corcubión asígnaselle cun criterio xusto e cun criterio proporcional.

En canto ó que fala dunha actitude hipócrita, eu creo que son máis os desexos de utilizar calificativos duros, un pouco no senso habitual que o fai o grupo do BNG, cando fai

menção ó apartado número 13 que veremos despois, a modificar outras bases para permitir que os concellos teñan máis tempo para xustificar. No apartado 13 propoñeremos que teñan máis tempo, co cal non se prexudica absolutamente a ningún concello, é dicir, hai un senso positivo e favorable para a totalidade dos concellos, aquí se tomáramos ese mesmo acordo habería un criterio negativo para aqueles concellos que cumpriron, presentando a documentación en tempo e forma. Polo tanto, eu creo que o que debemos facer é tramitar esta proposta, tal como viña sendo a convocatoria, e as excepcións, unha por incumprimento e outra por non entrar dentro das bases, eu creo que se poden resolver de maneira satisfactoria cos dous concellos, tanto con Corcubión como con Coristanco, con base nese convenio, que é un compromiso tamén que se falara dentro da propia comisión, e que esa é a vontade de resolvelo así.

Sr. Rodríguez Doval

Ben, eu supoño que o Sr. Varela lería a proposta de acordo que se trae, modificado o outro día na comisión. A proposta de acordo modificado na comisión e a proposta de acordo da comisión do outro día, Sr. Varela, poñía o mesmo, porque ó final, e léolle o final que di: aprobar o plan, dispor a exposición pública durante dez días e tal... iso poñíao o outro día, e pono hoxe, porque hai que poñelo, porque o puxemos sempre; entón, ¿pon que eu dixen que era hipócrita? non porque eu veña aquí a dicir frases nin nada; ¿pon que é hipócrita? porque si, porque o único razonamento é que se se incluía o concello de Corcubión e Coristanco paralizábase o plan, e a nosoutros parécenos, e deille voltas a este tema, que tantas posibilidades de recorrer hai con coa proposta que se ía levar o outro día como coa de hoxe, calquera concello pode recorrer neses dez días. ¿Cal era a diferenza? Simplemente que nunha constaba unha solución dentro do plan, que nosoutros pensamos que é como debe dársele solución ás cousas, dentro dun plan que hai, as excepcións se se queren facer fanse, se hai vontade política, para resolver os problemas. Moi diferentes. Moi diferentes. Agora tiñan vostedes a posibilidade a aprobar o outro día, e non se paralizaba nada en absoluto, porque aquí non sei quen dixo o dunha prórroga, pero ¿onde ía o outro día unha prórroga para algo? Se na proposta que ía o outro día non ía ningunha prórroga: era excepcionalizar, exceptuar, mellor dito, dous casos concretos: o de Corcubión e o de Coristanco, para lle dar unha solución, pero o final do plan era o mesmo, aprobación con esas modificacións e exposición de dez días, ¿en que se paralizaba entón e en que non se paralizaba agora? Se agora calquera pode recorrer perfectamente, ¡é que non hai ningunha diferenza!, eu creo que aí estamos cun erro. ¿Quen propuxo dar un prazo máis? O prazo máis van dalo vostedes, por exemplo, no número 13, no número 13 si que van vostedes dar un prazo a maiores, e dar un prazo a maiores cando se puxo que era outro tamén é unha forma de agravio, ¡que quere que lle diga! Se hai un concello que está acelerando a xustificación das obras pensando que as ten que xustificar o 20 de agosto, e vostedes, dous días antes, dinlles, pensando que hai uns que non van chegar, que o teñen ata o mes de novembro, ¿non é prexudicado o do mes de agosto que estaba coma un louco mirando de

xustificalo coas bases? Todo iso é moi discutible ¡eh! non vaíamos aí. Porque este tema levámolo debatendo, e estamos aprobando fases finais dalgúns plans e modificando as bases iniciais. Levamos case catro anos, aprobando cuarta, quinta fase do plan de non sei que, e modificando as bases que se aprobaron hai tres anos. Entón, a min sorpréndeme moitísimo que de súpeto neste tema se dera esta solución, que a nosoutros non nos gusta nada o modelo de convenio, e voulle dicir por que: porque hai que ter valentía, simplemente, se vostedes gobernan teñan valentía. E no seu caso, se entra fóra de prazo, como dixo o Sr. Moreda, apliquen o que teñan que aplicar; e noutro caso, se hai un concello agraviado porque as bases se fixeron mal, modifiquen as bases pero non me metan vostedes no mesmo saco -e non estou defendendo aquí a Corcubión porque sexa o alcalde do BNG, e o de Coristanco do PP, iso non é o debate; eu descoñecía o caso de Corcubión ata que chegou á comisión, fíxense vostedes, estouno lendo sen ningún tipo de sectarismo, pero é evidente que son dous casos distintos-, pero é que buscar a mesma fórmula dicindo que os dous incumpriron, si, pero uns incumpriron por razóns técnicas, como se dixo, e outros incumpriron porque temos unhas bases que non están ben feitas, porque ó concello da provincia que lle dan menos dun tercio do que se lle dá ó resto, que o concello de Corcubión, aínda por riba o finalizamos e se quere facer subministracións ten que poñer unha cantidade tremenda. Iso é que as bases non están ben feitas, porque nosoutros temos que pulir as bases para que lle dean entrada a tódalas realidades, que son moi diferentes, dos nosos concellos.

E termino, non imos aquí solucionar o problema de dispersión da poboación, cada concello terá o seu plan de urbanismo, cada concello terá o seu mecanismo de ordenación urbana, pero é evidente que o que eu lle estou a dicir aquí, Sr. Varela, vostede debíao coñecer, quérolle lembrar que o seu grupo político votou conxuntamente cos outros dous do Parlamento Galego, co BNG e co Partido Socialista, votou unha proposta hai moitísimo tempo, que pide unha renegociación política do reparto do fondo de compensación. ¿E sabe cal é o debate? A dispersión poboacional. Non me dirá que estamos inventando nosoutros nesta deputación aquí absolutamente nada, non estamos inventando nada; estamos falando de cousas que xa se está falando noutros sitios, e por algo se falará, pois porque hai xente que entende que o tema de dispersión da poboación é un tema que hai que reconsiderar, nun país que ten 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos que hai no conxunto do estado, entón hai outra realidade. É do que lle estou a falar, eu non propuxen aquí modificar as bases, díxenlle que a nosoutros nos sigue parecendo que hai que pulilas, xa as pulirá quen veña ou fará outras novas. Agora, non me diga que nosoutros estamos falando de cousas raras, e moito menos me diga que nosoutros queremos agraviar a algúns concellos; nosoutros non queremos quitarlle a ninguén para lle dar a outros; nosoutros queremos que cando se aproben as bases sexan xustas e teñan ese carácter equitativo que deben de ter, que non o teñen, e ás veces hai que lle quitar a uns para lle dar a outros, ¡eh!, iso é facer política, porque ou lle damos a todos o mesmo, ou senón, sempre existe, o que pasa é que pode haber máis xustiza, pode haber máis racionalidade á hora de pór criterios nuns casos ca

noutros, e neste caso nosoutros pensamos que se perdeu unha boa ocasión. Eu non quero resolver aquí o tema dos núcleos de poboación, nin creo que a proposta que presenta o BNG sexa precisamente fomentar que se constrúa máis no rural onde non hai equipamentos, eu croe que está vostede moi equivocado, precisamente o que estamos dicindo é que eses núcleos tampouco se vexan aínda máis illados porque non poidan entrar nun plan que ten a propia deputación, cando son realidades que existen na maioría dos nosos concellos. Non lles deixen vostedes construír e xa verán como non hai que facer estradas e como non hai que facer redes de sumidoiros e saneamentos, pero mentres estean construíndo terán igual de dereito có que teñen o resto dos cidadáns que viven nas zonas máis urbanas.

Polo tanto, lamento non chegar tampouco neste punto a un acordo, nosoutros lamentamos que non se poida resolver no acordo de hoxe, non dubidamos da boa vontade que teña o equipo de goberno, pero é unha mágoa que a boa vontade non se concrete en tomar hoxe aquí un acordo onde poida entrar todo, que podía entrar perfectamente, nin se paralizaba nada, nin se agraviaba a ninguén, nin pasaba absolutamente nada, non pasaba, é que iso é o gran debate de todo isto, non pasa nada, de aprobarse a proposta do outro día, era igual cá de hoxe, que a de hoxe tamén se pode recorrer; nosoutros non a imos recorrer, non se preocupe.

Sr. Fernández Moreda

A ver para que eu me entenda, que estou un pouco perdido. Na proposta que se levaba á comisión informativa era ampliar o plan e modificar unha base do plan ampliando o prazo de presentación de proxectos para permitir que entrase Coristanco. Esa era a proposta, e a iso propuxemos: se isto se fai, non pode facerse así, porque de modificárense as bases temos que sometelas a exposición pública, dar un prazo para reclamacións ou alegacións, e en función diso, aprobalas; co cal demorabamos todo. Entón, hai dous problemas, efectivamente: un, que é imputable ó concello de Coristanco, que non actuou con dilixencia, nin fixo os seus deberes como tiña que facelos; e outro, do concello de Corcubión, que é imputable ás propias bases, e nisto si ten razón o Sr. Rodríguez Doval, imputable ás propias bases que aprobou a Deputación provincial. ¿Que acordamos? Aprobar o plan coas obras que os concellos presentaran en prazo, ¿para que? para que os concellos que presentaron as obras en prazo non se vexan castigados por un concello que non o fixo así, e por outro concello que ten outro problema totalmente diferente. O problema do concello de Corcubión é grave, ¿por que? porque di que o orzamento mínimo dos equipamentos, din as bases do plan, ten que ser 13.000 euros, e a cantidade que se lle dá ó concello de Corcubión son 9.513,02 euros; entón o concello de Corcubión presenta unha obra por 9.513,02 euros, que é a achega da deputación, e a deputación dille: non llo aprobo porque vostede non presenta unha obra por importe de 13.000 euros co cal, prodúcese unha discriminación, que tódolos concellos poden suplementar a cantidade que lle dá a deputación ou non, en función do seu criterio, e o do concello de Corcubión, necesariamente

ten que suplementar esa cantidade para cumprir coas bases do plan. E é un problema serio. Entón, eu, como cuestión, ¿que propuxo o grupo socialista para solucionar este problema? aprobemos o plan como está, deixemos á parte o tema de Corcubión, porque implicaría cambiar as bases, porque non se pode incluír esa obra nin incumplir as bases, e aparquemos o tema de Coristanco, porque tamén incumple as bases, e había que modificar as bases. Entón, aprobamos todas as obras que tódolos concellos, que creo que son 89, presentaron, e facelo doutra forma sería castigar ós 89 concellos que cumpriron coa súa obriga.

¿Que solución propoñemos? Sempre, desde esta deputación e desde este grupo, tratouse de fornecer, independentemente das cores políticas, tratouse de favorecer ós concellos, que poidan executar as obras que a deputación lle subvenciona, e se nalgúns casos se pode ampliar os prazos, ampliase. Ende mal, estamos convertendo en norma algo que tería que ser excepcional, pero así se fixo ata agora, é o penúltimo pleno que queda desta corporación, pois manteñamos a coherencia que mantivemos ata agora. ¿E en que consiste esa coherencia? Favorecer, buscar unha solución que permita favorecer e solucionar o problema de Coristanco e Corcubión. E a min ocórreseme, ocórresenos unha única solución: se o de Coristanco presentou o proxecto catro días máis tarde, facer un convenio individualizado, se é factible, que tampouco o sei; e con Corcubión facer un convenio individualizado, tráíase ó próximo pleno, apróbase, e aquí paz e aquí gloria. É unha chapuza, indubidablemente que é unha chapuza porque o normal é dicir: miren vostedes, incumpriron, sería inxusto castigar ós de Corcubión por un erro, un defecto, ou unha perversidade das bases do plan que aprobou a deputación, e non sería o mesmo erro castigar ó concello de Coristanco porque de quedarse sen diñeiro é porque o concello non actuou como tiña que actuar, e eu creo que nalgún momento hai que lle dicir á xente: señores, aquí hai uns prazos, hai uns compromisos, unhas obrigas, cumbran vostedes, e se non cumpren, pois xa darán conta ante os seus veciños da xestión que están facendo os seus responsables municipais.

Polo tanto, eu quería aclarar isto, e se non é así que se me diga porque entón reconsideramos o noso voto, entendo que estamos aprobando as obras de 89 concellos que presentaron os seus concellos en prazo, polo importe que a deputación lle adxudicou, ou por importes superiores, suplementando eles a diferenza, e estannos deixando fóra a un concello, Coristanco, que o presentou fóra de prazo, e estamos deixando fóra a un concello, Corcubión, porque hai unha perversidade nas bases e as bases prexudícano no senso de que o obrigamos a presentar un proxecto -é o que eu entendo, Sr. Erias, do que leo aquí-, superior á cantidade asignada que se lle dá a ese concello. Entón, creo que o lóxico e razoable é votar -así o entende o grupo socialista-, votar favorablemente isto e propoñer unha solución por se o grupo de goberno quere recollela e é tamén apoiada polo Bloque Nacionalista Galego, e no vindeiro pleno solucionar isto cun convenio perfectamente informado polos servizos técnicos da casa, que se traia aquí polas cantidades que lles asignaron, e que poidan desenvolver esta obra e os veciños deleitala.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Volvemos manifestar loxicamente o desacordo coa intervención do voceiro do Bloque, porque eu creo que ó mellor estamos magnificando un problema onde non hai tanto problema, onde nosoutros entendemos que non se castiga a ningún, e onde nosoutros entendemos que hai que tomar solucións intelixentes e prácticas, fundamentalmente porque ó final é o que lle interesa ó concello de Coristanco e ó concello de Corcubión, de resolver dunha maneira áxil e práctica o seu problema. O que fai o portavoz do Bloque é perderse nunha artimaña dialéctica para tratar de condenar ou de dicir dalgunha maneira que mal está este plan.

Nosoutros entendemos que este plan ten unhas bases xustas, equitativas e proporcionadas, e desde logo nosoutros non estamos por lle dar a uns e quitarlle a outros, e sobre todo cando os criterios que manexamos aquí son criterios totalmente obxectivos. Unha das maneiras para resolvelo con criterio práctico e intelixente podería ser que o concello de Corcubión achegara a diferenza entre 9.000 e 13.000 euros, porque seguramente que hai cantidade de convocatorias de plans e cantidade de convocatorias de carácter oficial que implican a participación do propio concello. Estou seguro de que o concello de Corcubión cando ten que participar con achega particular faino, ¿é certo que os demais concellos non teñen esa ansiedade? é certo, pero cando queres actuar dunha maneira práctica para resolver os problemas, pois actúas neste senso. O concello de Corcubión non o fai, ben, pois porque entende libremente que non o debe facer e nosoutros respectamos loxicamente esa postura, e a partir de aí nosoutros propomos unha solución, repito, en prol de resolver esta situación, que é o que se falara na propia comisión, que nos parece que é tratar de resolver as cousas e de non enlearnos por un tema de debate.

Loxicamente aquí ningún falou, unicamente falou o voceiro do Bloque, de aspectos sectarios; nosoutros en ningún caso falamos desa situación porque non nos parece o noso estilo, o que queremos é atendelo con criterio, con cariño, en igualdade de condicións que a calquera outro concello.

Moitas gracias.

Sr. presidente

Creo que hai dúas cousas, imos intentar chegar a unha solución.

Primeiro, Sr. Fernández Moreda, eu creo que perversidade nas bases, ningunha. Aquí hai unhas bases, un reparto xusto, de acordo co que se falou antes, de parroquias, de

superficie, de poboación, de número de estradas municipais, etc., etc., e eu creo que, e aí dalgunha forma contesto ó Sr. Rodríguez Doval, que debía de ser por núcleos de poboación, eu creo que os núcleos de poboación o que traen consigo son máis vías municipais, e se estamos dalgunha forma valorando as vías municipais en números de quilómetros estamos contemplando a contribución que poderían levar eses núcleos. Eu creo que as bases non teñen perversidade ningunha, simplemente é o que hai nesa distribución, e se a un concello lle toca menos do mínimo establecido para contratación, e neste caso que son medio millón de pesetas longas, home, tamén mal asunto se un concello non pode achegar medio millón de pesetas. Polo tanto, eu creo que por aí non vai o tema.

Entón, o que se pode facer, eu creo que o que a maioría propón aquí é aprobar este plan tal como está, tal como vén da comisión, e estudar o que se falou aquí, a posibilidade de que se poida facer unha transferencia deste diñeiro para facer uns convenios similares con cada un dos concellos, podía entrar nese pleno extraordinario que imos ter en breve, entón estudarase a posibilidade porque tamén, ó mellor, non hai dúbida de que tamén, de modificarensen as bases que algún concello teña o tope da súa adxudicación ou contratación, estámoslle tamén sacándolle diñeiro a outros, ou sexa que todo isto é, ó un aumentarlle a partida, iso aínda que sexa unha pequena cantidade, sería sacarlle a todos os demais un pouco e cada un ten o que lle corresponde por lei e o que din as bases.

Entón a proposta tamén desta Presidencia, escoitadas as intervencións dos tres grupos políticos é aprobar o plan tal e como está, estudar, que eu creo que non habería inconveniente, de transferir diñeiro para asinar un convenio con cada un dos concellos, para que non perdan ningún deles, uns por un motivo, outros por outro, este diñeiro deste Plan XXI de infraestructuras locais.

Sr. Fernández Moreda

Gracias, Sr. presidente, unha pequena aclaración. Indubidablemente as bases non son perversas, as bases non son nin boas..., son as que son, pero si producen efectos perversos, efectos perversos no senso de que hai un concello que recibe unha cantidade inferior ó orzamento mínimo que ten que presentar. ¿Que pasa?, que os demais concellos teñen a vontade de decidir se queren facer unha obra superior ou non, achegando eles unha cantidade, en cambio neste concello é o único que teñen necesariamente para cumprir as bases, que achegar. Produce ese efecto perverso, que se se produce, detectouse, por medio millón de pesetas, ata en bases futuras paga a pena dicir que o orzamento mínimo da deputación, que achegue a deputación, serán 13.000 euros, e así nos evitamos o problema, no senso de aclarar, rectificar que as bases non son perversas, nin boas, nin malas, son as que son, pero que poden producir efectos máis beneficiosos ou menos beneficiosos. Neste caso concreto, na nosa opinión, produce un efecto perverso nun concello. Máis nada e moitas gracias.

Sr. presidente

¿Cal é a súa postura de voto, Sr. Rodríguez Doval con esta proposta da Presidencia?

Sr. Rodríguez Doval

Si, nosoutros xa indicamos previamente que a nosa posición ía ser, de todas as maneiras, eran dous debates diferentes, que vai ser de abstención, tamén é abstención nesta última proposta que se fai, porque non nos gusta a forma en que se soluciona, no nos gusta, máis nada, non dicimos que sexa boa ou mala, simplemente que non nos gusta. Entón, polo tanto, mantemos a posición de abstención.

Máis nada.

Sr. presidente

Non lle gustará a proposta, pero agora cambiar as bases, que se podían cambiar neste pleno as bases, pero as bases teñen que sufrir unha exposición pública, etc., etc., e estamos causando un prexuízo á maioría esmagadora dos concellos que cumpriron co seu cometido.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación administrativa e técnica remitida polos concellos xunto coa súa solicitude,

1º.- Aprobar o Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003, do que as bases foron aprobadas polo Pleno desta deputación o 31 de xaneiro de 2003, do que o texto íntegro se publicou no BOP nº 28 do 4 de febreiro de

2003. As cifras globais do financiamento do plan son as que de seguido se indican, e o seu detalle por concellos e actuacións é o que figura no anexo I a este acordo:

Achega provincial	Achega municipal	Total
Fondos Propios	Fondos Propios	
5.897.287,52	676.414,99	6.573.702,51

Número de concellos 89

Número de actuacións 148

O financiamento da achega provincial realizarase con cargo á partida 0501/511C/76299 do vixente presuposto provincial para o ano 2003.

A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos.

2º.- Non incluír no plan ó Concello de Coristanco por non presentar a súa solicitude dentro do prazo sinalado na Base 5 do plan.

3ª.- Non incluír no plan ó Concello de Corcubión por non reunir a súa proposta de investimento o presuposto mínimo fixado na Base 5.2 do plan.

4º.- Aprobar o Plan complementario ó presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo II a este acordo. Eses investimentos teñen carácter de supletorios e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas baixas de licitación producidas, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A relación de investimentos que se integran no plan complementario, é a que se indica no anexo II que se xunta.

5º.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non se presentaren ningunha.

6º.- Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia, debendo considerarse emitido favorablemente unha vez transcorridos os 10 días dende a súa solicitude”.

PLAN XXI DE INFRAESTRUTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESIAS MUNICIPAIS 2003

PLAN BASE: RELACION DE OBRAS

ANEXO I

CONCELLO	Nº CÓDIGO	DENOMINACION	DIPUTACION	AYTO	TOTAL
ABEGONDO	03.3800.0001.0	ACD.CMS.ABEGONDO, CABANAS E OUTROS	38.334,34	0,00	38.334,34
	03.3800.0002.0	ACD.CMS.NUCLEOS COS, ORTO E OUTROS	38.370,66	0,00	38.370,66
		TOTAL....	76.705,00	0,00	76.705,00
AMES	03.3800.0003.0	TRV.BIDUIDO DE ABAIXO A CASANOVA	81.142,16	173.259,84	254.402,00
		TOTAL....	81.142,16	173.259,84	254.402,00
ARANGA	03.3800.0004.0	PAV.RÚAS PRRQ. MUNIFERRAL, ARANGA E OUTRA	33.887,02	0,00	33.887,02
	03.3800.0005.0	PAV.RÚAS PRRQ.DE CAMBAS	34.377,48	0,00	34.377,48
		TOTAL....	68.264,50	0,00	68.264,50
ARES	03.3800.0006.0	MELLORA FIRME RÚAS CMS. DO CONC.	24.677,81	6.359,63	31.037,44
		TOTAL....	24.677,81	6.359,63	31.037,44
ARTEIXO	03.3800.0007.0	PAV. NUCLEO DE FIGUEROA	57.436,75	0,00	57.436,75
	03.3800.0008.0	PAV.DE CM-269 RAÑOBRE-SUEVOS	31.059,29	0,00	31.059,29
		TOTAL....	88.496,04	0,00	88.496,04
ARZÚA	03.3800.0009.0	PAV. ACCESOS EN GULDRIS	44.386,96	0,00	44.386,96
	03.3800.0010.0	PAV.CM. EN CORDESEIRA(CALVOS) E OUTRO	39.581,69	0,00	39.581,69
	03.3800.0011.0	PAV.ACC. Ó PARQUE DE BOMBEIROS E OUTROS	35.765,31	0,00	35.765,31
		TOTAL....	119.733,96	0,00	119.733,96
A BAÑA	03.3800.0012.0	PAV. V.P. EN CABANAS, SAN VICENTE E OUTRA	38.706,14	0,00	38.706,14
	03.3800.0013.0	PAV. V.P. EN CORNEIRA E VIGOBO	52.802,57	0,00	52.802,57
		TOTAL....	91.508,71	0,00	91.508,71
BERGONDO	03.3800.0014.0	ACD.AF.ASF.CM.SAISO A ROIS	38.659,30	250,96	38.910,26
		TOTAL....	38.659,30	250,96	38.910,26
BETANZOS	03.3800.0015.0	ACD.MELLORA R/ RUA DA TORRE E OUTRAS	40.456,32	0,00	40.456,32
		TOTAL....	40.456,32	0,00	40.456,32
BOIMORTO	03.3800.0016.0	CM.ESTR. DA MOTA A BARRAL E OUTROS	36.568,08	0,00	36.568,08
	03.3800.0017.0	ACCESOS EN AREAS (ANDABAO) E OUTROS	31.666,70	0,00	31.666,70
		TOTAL....	68.234,78	0,00	68.234,78
BOIRO	03.3800.0018.0	CAÑOS E PAV.CM.SEAN A CRUCE DE GRASO	35.895,35	11.586,65	47.482,00
	03.3800.0019.0	PAV. VIAS EN BORIO (CHANCELAS, E OUTRAS)	41.444,14	13.377,73	54.821,87
		TOTAL....	77.339,49	24.964,38	102.303,87
BOQUEIXÓN	03.3800.0020.0	CM. MIDON-CRUZ DO CASTELO E OUTRO	33.752,17	0,00	33.752,17
	03.3800.0021.0	CM.REBOREDO-IGREXA DA GRANXA E OUTROS	36.116,39	0,00	36.116,39
		TOTAL....	69.868,56	0,00	69.868,56
BRIÓN	03.3800.0022.0	REPARACION PISTAS EN BRION	63.958,78	9,94	63.968,72
		TOTAL....	63.958,78	9,94	63.968,72
CABANA DE B.	03.3800.0023.0	PAV.BEIR.TRV.NEAÑO E VILASECO.IGREXA B.	53.473,08	0,00	53.473,08
	03.3800.0024.0	SUM.SEN.VERTICAL DE ESTR.MPAIS.	11.301,01	1.772,19	13.073,20
		TOTAL....	64.774,09	1.772,19	66.546,28
CABANAS	03.3800.0025.0	BEIRARRUAS EN PEON -A TORRE (1ª FASE)	30.448,90	551,10	31.000,00
		TOTAL....	30.448,90	551,10	31.000,00
CAMARIÑAS	03.3800.0026.0	RENOV. PAV. RUAS DE CAMELLE	33.903,97	0,00	33.903,97
	03.3800.0027.0	SUBM.FIXACION COLECTORES RES. SOL.	13.142,22	0,00	13.142,22
		TOTAL....	47.046,19	0,00	47.046,19
CAMBRE	03.3800.0028.0	MELLORA RÚAS E CMS.MPAIS.DO CONC.	67.051,55	4.560,66	71.612,21
		TOTAL....	67.051,55	4.560,66	71.612,21
A CAPELA	03.3800.0029.0	ASF.VIAS MPAIS. NAS NEVES-PAZO E OUTRAS	35.005,59	0,00	35.005,59
		TOTAL....	35.005,59	0,00	35.005,59
CARBALLO	03.3800.0030.0	AF.M.C. ROD.CMS.PRRQS.ARDANA, E OUTROS	53.164,54	0,00	53.164,54
	03.3800.0031.0	M.C.ROD. RÚAS EN CARBALLO	54.993,99	0,00	54.993,99
	03.3800.0032.0	PAV. DE RÚAS EN CARBALLO	46.206,48	0,00	46.206,48
		TOTAL....	154.365,01	0,00	154.365,01
CARNOTA	03.3800.0033.0	MELLORA FIRME ESTRS. A GÁNDARA E OUTRAS.	41.104,50	0,00	41.104,50
		TOTAL....	41.104,50	0,00	41.104,50
CARRAL	03.3800.0034.0	TRV. DE B-550 O LUGAR DE CASTELO EN RUA..	38.400,74	0,00	38.400,74
		TOTAL....	38.400,74	0,00	38.400,74
CEDEIRA	03.3800.0035.0	ACD. E PAV.DE CMS. MUNICIPAIS	56.358,81	0,00	56.358,81
		TOTAL....	56.358,81	0,00	56.358,81
CEE	03.3800.0036.0	PAV.CMS.EN LAGOA E REPA. PISTA EN RUIBO	45.799,20	25,81	45.825,01
		TOTAL....	45.799,20	25,81	45.825,01

CERCEDA	03.3800.0037.0	CM. DE SEOANE A REGUEIRA E OUTROS	61.835,56	22.272,64	84.108,20		
		TOTAL....	61.835,56	22.272,64	84.108,20		
CERDIDO	03.3800.0038.0	CM. FELGOSAS-ZONA ASTILLADORA E OUTRAS	38.287,31	0,00	38.287,31		
		TOTAL....	38.287,31	0,00	38.287,31		
CESURAS	03.3800.0039.0	PAV.CMS. TRASANQUELOS, BARRANCA, OUTROS	31.385,61	0,00	31.385,61		
	03.3800.0040.0	PAV.CMS. CARRES, LOUREDA E OUTROS	33.655,68	7.239,38	40.895,06		
		TOTAL....	65.041,29	7.239,38	72.280,67		
COIRÓS	03.3800.0041.0	PAV. ACCESOS A XORA E OUTROS	32.757,21	8.133,13	40.890,34		
		TOTAL....	32.757,21	8.133,13	40.890,34		
CULLEREDO	03.3800.0042.0	MELLORA DE ACC. E ACD. EN LAXE	74.032,05	0,00	74.032,05		
		TOTAL....	74.032,05	0,00	74.032,05		
CURTIS	03.3800.0043.0	MELLORA CAPA ROD. VIAS MPAIS.	41.304,07	0,00	41.304,07		
	03.3800.0044.0	AFIRMADO VIAS MUNICIPAIS	31.000,00	0,00	31.000,00		
		TOTAL....	72.304,07	0,00	72.304,07		
DODRO	03.3800.0045.0	MELLORA E ACD. DE ALUMEAMENTO 2003	27.460,87	4.026,60	31.487,47		
		TOTAL....	27.460,87	4.026,60	31.487,47		
DUMBRÍA	03.3800.0046.0	PAV. RÚAS INTERIORES EN ANSEAN	31.127,91	0,00	31.127,91		
	03.3800.0047.0	ACD. ACCESO A VILA FERNANDEZ	32.496,00	0,00	32.496,00		
		TOTAL....	63.623,91	0,00	63.623,91		
FENE	03.3800.0048.0	PAV.CMS. CONCELLO FENE	48.389,90	14.575,51	62.965,41		
		TOTAL....	48.389,90	14.575,51	62.965,41		
FISTERRA	03.3800.0049.0	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS	27.049,15	1.343,37	28.392,52		
		TOTAL....	27.049,15	1.343,37	28.392,52		
FRADES	03.3800.0050.0	CONSERVACION REDE MPAL. ESTR. AGLOMERADO	39.595,12	0,00	39.595,12		
	03.3800.0051.0	CONSERVACION REDE VIARIA MPAL. SEN. MOB.	35.673,36	0,00	35.673,36		
		TOTAL....	75.268,48	0,00	75.268,48		
IRIXOA	03.3800.0052.0	ACD. CM. MPAL. PRRQ. VERINES, AMBROA OUTRAS	48.949,80	0,00	48.949,80		
		TOTAL....	48.949,80	0,00	48.949,80		
LAXE	03.3800.0053.0	BEIRARRÚAS E PAV. R/ VISTA ALEGRE E OUTRA	29.716,48	1.283,52	31.000,00		
		TOTAL....	29.716,48	1.283,52	31.000,00		
LARACHA	03.3800.0054.0	ACD. CMS. SOANDRES, MONTEMAIOR E OUTROS	44.920,96	14.583,28	59.504,24		
	03.3800.0055.0	ACD. CMS. CABO VILAÑO, LENDO E OUTRO	45.242,25	14.687,58	59.929,83		
		TOTAL....	90.163,21	29.270,86	119.434,07		
LOUSAME	03.3800.0056.0	REPA. INTERIORES CERNANDE E LESENDE	45.628,66	0,00	45.628,66		
	03.3800.0057.0	ADQUISICION DE ZAHORRA	15.143,39	0,00	15.143,39		
		TOTAL....	60.772,05	0,00	60.772,05		
MALPICA DE B.	03.3800.0058.0	1ª FASE ASF. R/ RATORIO FONTE DE FRAILE	49.319,85	0,00	49.319,85		
		TOTAL....	49.319,85	0,00	49.319,85		
MAÑÓN	03.3800.0059.0	CM. PUMAR DE VALE A IGREXA B. E OUTROS	46.799,05	0,00	46.799,05		
	03.3800.0060.0	SUM. E INSTALACION DE MARQUESINAS	16.453,32	0,00	16.453,32		
		TOTAL....	63.252,37	0,00	63.252,37		
MAZARICOS	03.3800.0061.0	MELLORA AF. PISTAS PRRQ. ALBORES OUTRAS	54.479,76	0,00	54.479,76		
	03.3800.0062.0	MELLORA AF. PISTAS PRRQ. COIRO E BEBA	59.019,56	0,00	59.019,56		
		TOTAL....	113.499,32	0,00	113.499,32		
MELIDE	03.3800.0063.0	PAV. PISTAS OROIS DE ABAIXO E OUTRAS	55.227,22	0,00	55.227,22		
	03.3800.0064.0	PAV. PISTAS A CASILLA-O REAL E OUTROS	55.975,49	15,53	55.991,02		
		TOTAL....	111.202,71	15,53	111.218,24		
MESÍA	03.3800.0065.0	PAV. E AF. EN CABRUI E OUTRAS.	79.075,85	0,00	79.075,85		
		TOTAL....	79.075,85	0,00	79.075,85		
MIÑO	03.3800.0066.0	ASF. DEL CM. EN TELLE-MIÑO	37.614,32	9.869,17	47.483,49		
		TOTAL....	37.614,32	9.869,17	47.483,49		
MOECHE	03.3800.0067.0	CM. PONTE SUR-VIGO-LIMITE S. SADURNIÑO	34.755,60	3.000,00	37.755,60		
		TOTAL....	34.755,60	3.000,00	37.755,60		
MONFERO	03.3800.0068.0	PAV. CM. PRRQ. DE VALLE XESTOSO	38.760,01	0,00	38.760,01		
	03.3800.0069.0	AMPL. DE PTE. PONTE DA PEDRA E OUTRA	36.023,14	0,00	36.023,14		
	03.3800.0070.0	SUBM. MATERIAL ELECTRICO Ó PÚBLICO	13.208,95	0,00	13.208,95		
		TOTAL....	87.992,10	0,00	87.992,10		
MUGARDOS	03.3800.0071.0	REPA. CM. S. VITORIO, AF. CM. FRANCES (2ª F.) ..	22.890,50	29.941,83	52.832,33		
		TOTAL....	22.890,50	29.941,83	52.832,33		

MUXÍA	03.3800.0072.0	ACD.VIAIS EN LEIS, OZON E CEBRANS	35.886,65	0,00	35.886,65		
	03.3800.0073.0	ACD. VIAIS EN MORAIME, BARDULLAS E OUTRO	33.604,52	0,00	33.604,52		
	03.3800.0074.0	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS	13.386,35	0,00	13.386,35		
		TOTAL....	82.877,52	0,00	82.877,52		
MUROS	03.3800.0075.0	CAMIÑOS EN MIRAFLORES	51.391,94	131,69	51.523,63		
		TOTAL....	51.391,94	131,69	51.523,63		
NARÓN	03.3800.0076.0	AF.E PAV.NO VAL E PEDROSO	30.669,09	7.469,88	38.138,97		
	03.3800.0077.0	AF.E ASF.CM. DE PRADOS A ROCHA	27.605,17	6.723,61	34.328,78		
	03.3800.0078.0	PAV.CMS. EN SEDES E SAN MATEO	33.141,68	8.072,11	41.213,79		
		TOTAL....	91.415,94	22.265,60	113.681,54		
NEDA	03.3800.0079.0	REPA. E MELLORA FIRMES E PAV. VIAS MPAIS.	28.264,96	2.799,04	31.064,00		
		TOTAL....	28.264,96	2.799,04	31.064,00		
NEGREIRA	03.3800.0080.0	PAV. V.P. PEDRAIRIÑA-CAMPOLONGO	58.129,90	0,00	58.129,90		
	03.3800.0081.0	PAV. V.P. DA COSTA (CAMPOLONGO)	31.299,64	0,00	31.299,64		
		TOTAL....	89.429,54	0,00	89.429,54		
NOIA	03.3800.0082.0	PAV. PISTAS NO OBRE	45.277,77	0,00	45.277,77		
		TOTAL....	45.277,77	0,00	45.277,77		
OLEIROS	03.3800.0083.0	ROTONDA NA INTERSEC. ESTR. AC-190 E AC-180	75.792,53	240.659,34	316.451,87		
		TOTAL....	75.792,53	240.659,34	316.451,87		
ORDES	03.3800.0084.0	TRAVESIA ALFONSO SENRA	41.854,35	0,00	41.854,35		
	03.3800.0085.0	COLOC. BORDILLO E PAV. PEDRA R/A. SENRA	35.413,99	0,00	35.413,99		
	03.3800.0086.0	CONST. ROTONDA CAMPO DA FEIRA	49.667,32	7.475,39	57.142,71		
		TOTAL....	126.935,66	7.475,39	134.411,05		
OROSO	03.3800.0087.0	AF. PAV. R.V. VILAROMARIZ E OUTROS	30.187,24	812,76	31.000,00		
	03.3800.0088.0	PAV. ACCS. EN TRASMONTE E OUTROS	31.000,00	0,00	31.000,00		
		TOTAL....	61.187,24	812,76	62.000,00		
ORTIGUEIRA	03.3800.0089.0	ACD.PISTA E APARC.EN CRUCIFIXO-SENRA	59.611,22	0,00	59.611,22		
	03.3800.0090.0	PAV.PISTA IGREXA-EIRA EN PRRQ. S. CLAUDIO	44.311,49	0,00	44.311,49		
	03.3800.0091.0	GABIAS E REP.FOCHAS PRRQS. LOIBA E OUTRA	31.019,92	0,00	31.019,92		
		TOTAL....	134.942,63	0,00	134.942,63		
OUTES	03.3800.0092.0	CM.COL.DE ROO A BRION DE ARRIBA E OUTROS	41.045,47	0,00	41.045,47		
	03.3800.0093.0	CM. XERAL RATES O CRISTO E OUTROS	27.869,14	6.151,89	34.021,03		
		TOTAL....	68.914,61	6.151,89	75.066,50		
OZA DOS RÍOS	03.3800.0094.0	INST. DE AL. PUBLIC. EN PRRQS. CONCELLO	57.450,16	0,00	57.450,16		
		TOTAL....	57.450,16	0,00	57.450,16		
PADERNE	03.3800.0095.0	ACD.CM.NUCLEO CHANTADA,PORTO-TRASMIL	35.566,22	0,00	35.566,22		
		TOTAL....	35.566,22	0,00	35.566,22		
PADRÓN	03.3800.0096.0	APARC.PUB. NO NUCLEO DE ESCRAVITUDE	28.308,07	2.691,93	31.000,00		
	03.3800.0097.0	APARC. PUB. NO NUCLEO DA PONTE	28.995,69	2.757,31	31.753,00		
		TOTAL....	57.303,76	5.449,24	62.753,00		
O PINO	03.3800.0098.0	AMPL.AL.PUB. EN DIVERSOS LUGARES MN.	36.702,25	0,00	36.702,25		
	03.3800.0099.0	CM. INTERIOR DE SANTA IRENE E OUTROS	54.624,56	0,00	54.624,56		
		TOTAL....	91.326,81	0,00	91.326,81		
POBRA. DO CAR	03.3800.0100.0	PAV. E MELLORA VIAIS URB. O LAGAR	36.162,31	0,00	36.162,31		
		TOTAL....	36.162,31	0,00	36.162,31		
PONTECESO	03.3800.0101.0	PAV.ACC. PUBLIC. Á IGREXA DE TELLA	36.737,25	0,00	36.737,25		
	03.3800.0102.0	ADQ.MATERIAL ELECTRICO ILUM. PUBLIC.	13.999,16	0,00	13.999,16		
	03.3800.0103.0	ADQUISICION DE MARQUESIÑAS	14.000,00	0,00	14.000,00		
		TOTAL....	64.736,41	0,00	64.736,41		
PONTEDEUME	03.3800.0104.0	PAV.CM.VELLO DE CAMPOLONGO-PRRQ.VILAR	39.102,72	0,00	39.102,72		
		TOTAL....	39.102,72	0,00	39.102,72		
AS PONTES	03.3800.0105.0	PAV.PISTAS CEMITERIO ESPINAREDO E OUTROS	37.315,38	0,00	37.315,38		
	03.3800.0106.0	PAV.PISTAS DE LAMAS-PEREIRA E OUTROS	37.474,07	0,00	37.474,07		
	03.3800.0107.0	PAV.PISTA DE PONTOIBO (2ª FASE)	50.415,07	0,00	50.415,07		
		TOTAL....	125.204,52	0,00	125.204,52		
PORTO DO SON	03.3800.0108.0	REPA.PISTAS FREIRO, SOBRADO... E OUTROS	31.522,20	0,00	31.522,20		
	03.3800.0109.0	REPA. PISTAS BASOÑAS E VILAR	43.174,80	11.197,46	54.372,26		
		TOTAL....	74.697,00	11.197,46	85.894,46		

RIANXO	03.3800.0110.0	SUBM.MATERIAIS PAV.PISTAS VARIAS PRRQS.	14.494,14	0,00	14.494,14
	03.3800.0111.0	SUBM.MATERIAL PAV.PISTAS PRRQ.TARAGOÑA	23.629,47	0,00	23.629,47
	03.3800.0112.0	SUBM.MATERIAL PAV.PISTAS PRRQ. ARAÑO	20.910,27	0,00	20.910,27
		TOTAL....	59.033,88	0,00	59.033,88
RIBEIRA	03.3800.0113.0	BEIR.E PAV. DA RUA DA HABANA	43.619,87	0,00	43.619,87
	03.3800.0114.0	BEIR. E PAV. DA TRAVESIA DE FONDEVILA	33.106,87	0,00	33.106,87
		TOTAL....	76.726,74	0,00	76.726,74
ROIS	03.3800.0115.0	AF.PISTAS EN HERBOGO E SAN. EN OIN	36.481,55	0,00	36.481,55
	03.3800.0116.0	AF.E ACD. PISTAS EN SOUTO E AIDO	33.962,31	0,00	33.962,31
		TOTAL....	70.443,86	0,00	70.443,86
SADA	03.3800.0117.0	ACD. CMS. MUNICIPAIS	43.182,06	14.941,47	58.123,53
		TOTAL....	43.182,06	14.941,47	58.123,53
SAN SADURNIÑO	03.3800.0118.0	SUBM. E INSTALACION DE MARQUESIÑAS	47.311,68	0,00	47.311,68
	03.3800.0119.0	CM. EN SAAVANDA (MONTE) E OUTROS	33.228,80	0,00	33.228,80
		TOTAL....	80.540,48	0,00	80.540,48
SANTA COMBA	03.3800.0120.0	PAV.V.P. EN SAN SALVADOR, FREIXEIRO E ALON	149.902,00	0,00	149.902,00
		TOTAL....	149.902,00	0,00	149.902,00
SANTISO	03.3800.0121.0	AFIRMADO EN BELMILE E OUTROS	35.912,73	0,00	35.912,73
	03.3800.0122.0	CM.DE RIBADULLA-ASCARIS E OUTROS	33.352,78	0,00	33.352,78
		TOTAL....	69.265,51	0,00	69.265,51
SOBRADO	03.3800.0123.0	ACD.CM.BRixeira, Dombreira e outros	31.192,44	0,00	31.192,44
	03.3800.0124.0	ACD.CM.CARRAL.MEDOA,LOUSADO E OUTROS	40.149,17	0,00	40.149,17
		TOTAL....	71.341,61	0,00	71.341,61
AS SOMOZAS	03.3800.0125.0	INST.AL.PUBL.NA TOCA E DIVERSOS LUGARES	43.863,34	0,00	43.863,34
		TOTAL....	43.863,34	0,00	43.863,34
TEO	03.3800.0126.0	AF. E ACD. DE PISTAS EN CALO E TEO	39.774,14	0,00	39.774,14
	03.3800.0127.0	AF. E ACE. DE PISTAS EN CACHEIRAS	40.284,96	0,00	40.284,96
		TOTAL....	80.059,10	0,00	80.059,10
TOQUES	03.3800.0128.0	CM. DE VILARIÑO A LAMELA E OUTROS	26.088,77	5.100,60	31.189,37
	03.3800.0129.0	CM. DE VILLAMOR Ô LIMITE E OUTRO	26.159,06	5.431,19	31.590,25
		TOTAL....	52.247,83	10.531,79	62.779,62
TORDOIA	03.3800.0130.0	CM. FONTAN-TIBIANS (VILA DE ABADÉ), OUTROS	43.192,25	0,00	43.192,25
	03.3800.0131.0	MELLORA DIVERSOS AL.PUBL. NO MUNICIPIO	31.033,87	0,00	31.033,87
		TOTAL....	74.226,12	0,00	74.226,12
TOURO	03.3800.0132.0	CM. AGRA DE BESEÑO E OUTROS	33.988,89	0,00	33.988,89
	03.3800.0133.0	CM. EN CASAL (VILAR) E OUTROS	37.594,03	0,00	37.594,03
	03.3800.0134.0	CM. EN BARRAL E OUTRO	31.342,83	0,00	31.342,83
		TOTAL....	102.925,75	0,00	102.925,75
TRAZO	03.3800.0135.0	ACD. CM. EN RESTANDE, CASTELO E CHAIAN	41.626,39	4.549,37	46.175,76
	03.3800.0136.0	ACD. CAMIÑOS EN BENZA	33.783,25	3.692,20	37.475,45
		TOTAL....	75.409,64	8.241,57	83.651,21
VALDOVIÑO	03.3800.0137.0	PAVIMENTACION PISTAS	56.562,30	0,00	56.562,30
		TOTAL....	56.562,30	0,00	56.562,30
VAL DO DUBRA	03.3800.0138.0	CAMIÑO DE FOXO-ARNEJO E OUTROS	37.110,45	0,00	37.110,45
	03.3800.0139.0	CAMIÑO IGREXA COUCIEIRO-VIUSO E OUTRO	38.783,72	0,00	38.783,72
		TOTAL....	75.894,17	0,00	75.894,17
VEDRA	03.3800.0140.0	AF. ACD.PISTA S. XIAO DE SALES E OUTROS	53.595,21	0,00	53.595,21
		TOTAL....	53.595,21	0,00	53.595,21
VILASANTAR	03.3800.0141.0	ACD. CMS. DIAS, FORTALEZA E OUTROS	48.939,42	0,00	48.939,42
		TOTAL....	48.939,42	0,00	48.939,42
VILARMAIOR	03.3800.0142.0	PAV.ACC.CIOI-FONTEVEITA E OUTROS	29.470,83	2.395,38	31.866,21
		TOTAL....	29.470,83	2.395,38	31.866,21
VIMIANZO	03.3800.0143.0	ACC. A: CRUCEIRO-XALLAS E OUTROS	31.060,21	0,00	31.060,21
	03.3800.0144.0	PAV. ACC.CASA DA CACHEIRA A ESTR. OLVEIRA	52.856,59	0,00	52.856,59
	03.3800.0145.0	ACC. B: A TOXA - ACC. A INSTITUTO	31.230,30	0,00	31.230,30
		TOTAL....	115.147,10	0,00	115.147,10
ZAS	03.3800.0146.0	M.C.ROD.CMS.PRRQ. ALLO, BAO E OUTROS	47.883,34	0,00	47.883,34
	03.3800.0147.0	M.C.ROD.CMS.PRRQ.GANDARA E OUTRO	47.239,34	0,00	47.239,34
		TOTAL....	95.122,68	0,00	95.122,68
CARIÑO	03.3800.0148.0	NOVO ACC.PUB. CASCO HIST. C.ORTÉGAL (2ª F)	30.753,69	636,32	31.390,01
		TOTAL....	30.753,69	636,32	31.390,01
		TOTAIS	5.897.287,52	676.414,99	6.573.702,51
		Nº de Concellos	90		

PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESIAS MUNICIPAIS 2003

PLAN COMPLEMENTARIO : RELACION DE OBRAS

ANEXO II

Nº	CONCELLO	DENOMINACION	TOTAL
1	ABEGONDO	ACD. DE ACC. Ó NÚCLEO DE FIGUEROA	35.224,21
2	AMES	IMPLANTACION 5 MARQ. PARADAS AUTOBUS	27.976,90
3	ARANGA	PAV.RÚAS.NA PRRQ. DE ARANGA	31.000,00
5	ARTEIXO	PAV. CM.-038 DE OLMOS A CASTELO	48.774,90
6	ARZÚA	CM.CARBALLEIRA DA MOTA E OUTROS	31.000,00
7	BAÑA	ADQ. E INST. 10 MARQUESIÑAS	13.000,00
17	CAMBRE	MELLORA CMS. MPAIS. CARBALLAS E OUTROS	33.704,17
18	CAPELA	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS	13.000,00
21	CARRAL	PUNTOS DE LUZ EN DISTINTAS PARROQUIAS	31.059,00
22	CEDEIRA	ILUMINACION PUB. SEDEAS E OUTROS	42.182,45
26	CESURAS	PAV.ESTR.CESURAS-OZA DOS RIOS POR MANDAIO	32.226,82
31	CULLEREDO	CONST. BEIRARRÚAS EN LAXE	31.241,31
32	CURTIS	DOT.ARBORES E ALCORQUES TRV.LC-231	31.000,00
42	LOUSAME	PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS RURAIS	31.000,00
43	MALPICA DE B.	SUM. PILONAS ESCAMOTEABLES	13.934,00
46	MELIDE	PAV.PISTA BARREIRO.OUTRA E. OBRA FAB.RIO SECO	33.083,17
48	MIÑO	AF.CM. LAMELA - TRASDOROÑA	32.391,23
50	MONFERO	LIMPEZA FOXOS REDE TRANSP. ESCOLAR	31.009,31
54	NARÓN	PAV. DE LONGARAS-AVDA. DO MAR	31.007,01
58	OLEIROS	MELLORAS SEG. VIAL CRUCES LUCIN E RABADEIRA	53.042,33
61	ORTIGUEIRA	PAV. CM. A MAGDALENA-CUIÑA	31.006,64
63	OZA DOS RÍOS	PAV.CLS. PRRQS. DE REGUEIRA-CINES E OUTRAS	31.000,00
64	PADERNE	SUBMINISTRACION DE MARQUESIÑAS	13.000,00
70	AS PONTES	SUM. DE PINTURA PARA SINALIZACION VIAL	13.084,80
73	RIBEIRA	BEIRARRÚAS E PAV. NA R/ DA BARREIRA	31.136,43
77	STA. COMBA	SUBM. AGLOMERADO EN FRIO V.P. EN STA. COMBA	15.350,00
84	ORDOIA	CM. CASALDABADE-PENELAS (CABALEIROS) OUTROS	33.513,01
86	TRAZO	AMPL.ALUMEAMENTO PUBLICO EN TRAZO	31.099,91
90	VILASANTAR	PAV.CM. DE LA IGLESIA DE BARBEITO	31.008,10
TOTALES			857.055,70

10.-CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DUN EDIFICIO TECNOLÓXICO, EDIFICIO NEXUS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1º.-Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento dun edificio tecnolóxico, edificio Nexus, segundo o texto seguinte, cunha achega total da deputación por importe de 751.265,13 euros que supón unha porcentaxe de financiamento do 31,25% do presuposto total:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA O FINANCIAMENTO DUN EDIFICIO TECNOLÓXICO (EDIFICIO NEXUS) DO PARQUE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

Santiago de Compostela, de de 2003

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don José Luis Torres Colomer.

E doutra parte o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estallles atribuídas.

MANIFESTAN:

1º.-A investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico son a base sobre a que se producen os máis intensos cambios na economía. As innovacións tecnolóxicas son polo tanto o principal factor de competitividade para as empresas. A Universidade de Santiago consente disto e en cumprimento dos obxectivos do seu Plan estratéxico deseñou o Parque científico-tecnolóxico que albergará laboratorios para o desenvolvemento de I+D de empresas, equipos de investigación e *spin-off* universitarios e que aloxará as unidades de apoio á iniciativa empresarial innovadora da USC UNIEMPRENDE: CITT, UNIRISCO GALICIA SCR e UNINOVA.

2º.-O edificio Nexus será un edificio tecnolóxico que albergará a estrutura de apoio ó emprendedor UNIEMPRENDE, para incubar iniciativas empresariais de base tecnolóxica

surxidas como *spin-off* universitarios, investigar liñas de interese empresarial e servir de departamento de I+D a empresas en funcionamento.

Estará dotado con laboratorios debidamente equipados nas especialidades de química, bioloxía e farmacoloxía.

3º.-O edificio proxectado cunha superficie de 3.100 m², servirá de instrumento para favorecer a transferencia de resultados de investigación e un clima de emprendemento na comunidade universitaria e no seu contorno, obxectivos do plan estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela USC.

4º.-A deputación é conscente da importancia que representa a posta en marcha dun parque científico que permitirá impulsar o desenvolvemento da investigación no ámbito da provincia da Coruña, establecendo un espacio común para favorecer os intercambios entre grupos de investigación multidisciplinares, así como para promover o crecemento e desenvolvemento de empresas baseadas na tecnoloxía e a xestión de forma activa da transferencia de tecnoloxía a organizacións e empresas.

Por todo o cal, ACORDAN formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago PARA O FINANCIAMENTO DA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO TECNOLÓXICO (EDIFICIO NEXUS) DO PARQUE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación provincial da Coruña financiará a construción do edificio Nexus cunha achega máxima de 751.265,13 euros, e tendo en conta que o custo do proxecto ascende a 2.404.048,42.- euros a porcentaxe de achega da deputación representa o 31,25%.

O financiamento que terá carácter plurianual, farase conforme ás seguintes anualidades.

Ano 2003..... 201.265,13 euros

Ano 2004..... 550.000,00 euros

TERCEIRA.- CONTRATACIÓN

Correspóndelle á Universidade de Santiago a contratación das obras de acordo co establecido no Decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas.

CUARTA.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN

A achega da deputación será aboada á Universidade de Santiago, contra presentación de certificacións de obra, debidamente aprobadas, cifrándose o pagamento que se vai realizar no 31,25% do importe de cada certificación.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación en proporción á cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula segunda.

Se, para realizar o presente convenio, a Universidade de Santiago obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña de tal maneira que a suma das subvencións concorrentes non supere o custo do investimento xustificado na maneira establecida nos parágrafos anteriores.

QUINTA.-

O financiamento provincial queda afectado á realización total das obras previstas no proxecto técnico citado na cláusula primeira.

Non obstante se a execución das obras requirira tramitar modificacións que sen alterar o obxecto delas, sexan indispensables, será precisa a aprobación previa da deputación sobre a dita modificación e o seu financiamento que, en ningún caso suporá o aumento da achega provincial establecida na cláusula segunda. No suposto de que existan baixas de execución, a redución do financiamento afectaralle a estas.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo rector e o presidente da deputación, respectivamente.

SÉTIMA.-VIXENCIA

O presente convenio ten carácter plurianual e a súa vixencia finaliza o 31 de decembro de 2004.

OTTAVA.-DISPOSICIÓN FINAL

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

E en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

2.-Autorizar a elevación das porcentaxes de financiamento establecidos no art. 155.3 da Lei 39/1988 para os gastos de carácter plurianual, consonte co seguinte.

Ano 2003.....	201.265,13 euros
Ano 2004.....	550.000,00 euros

3.-Condicionar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Expediente de modificación de crédito núm. 1/2003.”

11.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA.

INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

O noso grupo vai votar en contra desta proposta e simplemente para pór de manifesto cal é o sustento da nosa postura, á parte de que nos estraña a política errática do Partido Popular nalgúns temas, e este, por exemplo, da normalización lingüística é un deles, na Deputación de Ourense non teñen ningún problema en facer unha tradución ó galego de todas aquelas propostas que se queren incluír dentro do boletín, nembargantes non ocorre

así nesta. Pero como dicía antes, para sutentar a nosa postura o único que me gustaría é ler o artigo número 7 da Lei de Administración local de Galicia que di o seguinte:

“O galego como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames de comisión, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos aqueles actos de carácter público ou administrativo que se realicen no seu nome, no nome das corporacións locais, redactaranse en lingua galega.”

Creo que é suficientemente contundente como para explicar o noso posicionamento de voto. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Esta regulación do Boletín Oficial vén motivada polas novas disposicións de carácter estatal que obrigan á nova regulación dos boletíns, e é unha regulación moi importante porque non só implica sometemento a unha normativa de carácter xeral, senón que se fai unha aposta pola información do boletín, seguindo os pasos doutras deputacións, concretamente a de Barcelona, se ben se establece un réxime transitorio no que, entre tanto non se poñen en marcha todos os instrumentos tecnolóxicos precisos, a edición oficial será en papel, pero xa a regulación do boletín contempla que este sexa un boletín electrónico, e que a utilización do papel sexa simplemente residual.

Por outra parte, resólvese un problema histórico nesta deputación, que era establecer unha coordinación dos órganos administrativos encargados da responsabilidade e publicación do boletín, como instrumento oficial de publicidade da deputación.

Creo que é un avance moi importante, un avance fundamental, e que nos vai colocar dentro das deputacións provinciais, na liña das que apostan polo futuro, e que ademais permite resolver moitos problemas prácticos que existían ata este momento.

No tocante á obxección formulada, creo que simplemente esa redacción é unha redacción respectuosa e que non contradi o que di a Sra. deputada, porque se ben, efectivamente, é certo que a Lei de normalización lingüística obriga a que as edicións, é dicir, os documentos oficiais dos concellos se fagan en galego, se os concellos cumpren esta normativa, será así como se vai publicar; independentemente disto, eu estou seguro de que, unha vez que poñamos en marcha, que aínda non está funcionando adecuadamente porque houbo un problema de persoal, un Servicio de Normalización Lingüística do Boletín, que se vai pór en marcha, irase incitando ós concellos para que cumpran a normativa legal, que é publicar as súas disposicións en galego como lingua oficial de Galicia. Polo tanto, non contradi, senón que está nunha liña posibilista para acadar ese obxectivo que temos todos.

Sra. Santiago López

Precisamente nesa liña de imitar os bos usos que hai noutros sitios, seguramente a páxina estará en catalán, ¿verdade que si?

Sr. Rodríguez Rodríguez

Supoño que si, e tamén estou seguro de que todas as nosas publicacións irán en galego tamén.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia segundo o seguinte texto:

“ORDENANZA REGULADORA DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

PREÁMBULO.-

A Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, configura expresamente ó Boletín Oficial da Provincia (BOP) como un servicio público de ámbito provincial, competencia das Deputacións provinciais, ás que lles corresponde a súa edición e xestión.

Así mesmo establece que cada Deputación provincial regulará o modo e forma de xestión do boletín, a súa edición, distribución e venda; e que, para tal efecto, deberá aprobar a oportuna ordenanza reguladora do servicio.

De igual forma dispónse que, conforme ó disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, as Deputacións provinciais impulsan o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos,

informáticos e telemáticos na prestación do servizo do BOP, debendo quedar en todo caso garantida a autenticidade dos documentos publicados.

A Deputación Provincial da Coruña ten a vontade de continuar impulsando a consolidación do avance tecnolóxico que iniciado en febreiro de 1998, permitiu consultar por Internet a información publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A decisión de realización do BOP en formato electrónico con base no presente regulamento, enmárcase dentro do Proxecto BÁSICO (Bases de acción da deputación para o desenvolvemento da Sociedade da Información e o Coñecemento na Provincia da Coruña), aprobado o día 29 de xuño de 2001 polo Pleno da Corporación, que establece un marco estratéxico de referencia e as bases para conseguir un impulso adecuado, coordinado e máximo no desenvolvemento da sociedade da información e o coñecemento na nosa provincia, e que xunto á extensión, formación e fomento na utilización das novas tecnoloxías da información e as comunicacións, é unha política estratéxica que se desenvolve baseándose en proxectos de actuación clave e transcendentales para a entidade, tanto no ámbito interno como no ámbito externo.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Real decreto-lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, e a propia Lei 5/2002, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, constitúen o soporte legal básico para a plena incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación na prestación deste servizo provincial.

A realización do BOP na forma regulada neste regulamento permite avanzar cara a modernización administrativa e á vez mellorar a información dos usuarios, mediante o acceso universal e de balde, a través da rede Internet, ás publicacións que o compoñen.

Artigo 1.- OBXECTO

O obxecto desta ordenanza é a regulación da prestación do Servizo de Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co artigo 2 da Lei 5/2002, do 4 de abril reguladora da dos Boletíns Oficiais da Provincia, competencia propia desta Deputación provincial, no tocante á súa edición e xestión.

Artigo 2.- FORMA DE XESTIÓN

A dirección e coordinación do Boletín Oficial da Provincia atribúeselle á Secretaría Xeral, correspondéndolle a xestión administrativa del ó Servizo de Xestión Tributaria e a súa edición á Imprenta Provincial, sen prexuízo das competencias de dirección superior dos servizos provinciais que recoñecen o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ó presidente da deputación.

Non obstante a Deputación provincial poderá modificar a forma de xestión, utilizando algunha das restantes modalidades que se establecen no artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 3.- CONTIDO E AUTENTICIDADE

1. O BOP é o periódico oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e as ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións e demais resolucións das Administracións públicas e da Administración de Xustiza de ámbito territorial provincial, así como calquera outra Administración e particulares, cando así estea previsto en disposición legal ou regulamentaria, así como outros actos ou anuncios que aquelas necesitan. Ademais, poderán publicarse os anuncios de particulares.

2.Os textos publicados no BOP teñen a consideración de oficiais e auténticos.

Para garantirles ós usuarios a autenticidade, confidencialidade e integridade da información que publica o BOP, instalarase no servidor web que determine o Servicio de Organización, Calidade e Modernización da deputación un certificado de seguridade expedido por unha autoridade de certificación competente.

3.En cada número do BOP incluírase nas súas primeiras páxinas un sumario das disposicións e actos incluídos nel, con indicación da páxina onde empeza a súa publicación e consonte coa seguinte estrutura:

- I.- Administración central.
- II- Administración electoral
- III- Administración autonómica
- IV- Administración local
- V.- Administración de xustiza
- VI.- Outras entidades e anuncios particulares

Artigo 4.- PERIODICIDADE

O BOP editarase todos os días hábiles no municipio da Coruña sede do órgano titular da competencia do servicio, coincidindo a data de edición coa da súa difusión efectiva.

Poderán editarse suplementos ou números extraordinarios, cando así o requiran as necesidades existentes e así o dispoña o presidente da deputación.

Artigo 5.- LINGUA DE PUBLICACIÓN

Os textos de todas as publicacións que se han incluír no BOP transcribíranse na lingua na cal foran enviados polos anunciantes.

Artigo 6.- FORMATO DE EDICIÓN

1.A edición oficial do BOP será en papel.

Editaranse tamén (asemade) o BOP en formato electrónico con contidos idénticos ós da edición en papel.

2. O BOP en formato electrónico é de acceso universal e ten carácter de balde.

3.Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, a deputación poderá limitar o acceso ós datos de carácter estritamente persoal, cando transcorra o tempo de exposición pública establecido na norma que esixe a publicación.

Artigo 7.- OBRIGA DE PUBLICAR

A Deputación da Coruña está obrigada a publicar no BOP cantas disposicións, ordenanzas, resolucións, edictos, anuncios, actos ou acordos das distintas Administracións públicas e da Administración de Xustiza deban ser publicadas nel en virtude de disposición legal ou regulamentaria, así como outros actos ou anuncios que aquelas lles remitan, sen prexuízo do establecido na Ordenanza fiscal reguladora das taxas de publicación en cada momento vixente.

Artigo 8.-SUBSCRICIÓN E DISTRIBUCIÓN

1.Con excepción das entidades locais da provincia, con subscrición obrigatoria conforme co disposto no artigo 3 da Lei reguladora dos boletíns oficiais, calquera persoa interesada en recibir os exemplares do boletín poderá solicitar a subscrición, que deberá aboar nos terreos establecidos na ordenanza fiscal reguladora da taxa.

O boletín da provincia, unha vez efectuada a subscrición e, se é o caso, o pagamento dela, enviarase diariamente a todos os subscritores, excepto o exemplar dos sábados que será remitido co do luns seguinte ou inmediato día hábil posterior, ata a finalización do prazo polo que se efectuara a subscrición.

2.Por ser o acceso telemático ó BOP universal, libre e de balde, non cómpre formalizar subscripción ningunha para a súa consulta.

3.Non obstante, o BOP poderá ofrecer servicios singulares ou complementarios, para o cal a recepción requirirá a correspondente solicitude por parte dos interesados e a aceptación das condicións establecidas pola deputación.

Artigo 9.-PRESENTACIÓN DE ANUNCIOS. ANUNCIANTES CON SINATURA ELÉCTRÓNICA.

9.1. CREACIÓN DO REXISTRO TELEMÁTICO

1.A Deputación disporá dun Rexistro telemático para a recepción e saída de textos que se han publicar no BOP, comunicacións e demais escritos que se remitan por medios telemáticos a través de Internet, nos termos establecidos no artigo 38, apartado 9, da Lei 30/1992.

2.Poderán ser presentados neste rexistro os textos de disposicións, resolucións e anuncios que se han publicar no BOP, así como outros elementos electrónicos relativos a procedementos administrativos ou de xestión relacionados cos anteriores, todo isto unha vez que as aplicacións e programas que se vaian utilizar para o dito fin foran aprobadas pola deputación.

3.A autenticidade e integridade dos documentos electrónicos presentados no Rexistro telemático garantirase mediante a existencia de sistema de sinatura electrónica avanzada. Así mesmo, establecerase un réxime de cifrado da información que asegure a súa confidencialidade durante a transmisión.

4.Permitirase a presentación de escritos e comunicacións todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día, sen prexuízo das interrupcións necesarias por razóns técnicas, das cales se informará no propio rexistro.

5.Todos os documentos electrónicos remitidos rexistraranse de forma individualizada, sendo obxecto do tratamento informático adecuado, arquivándose debidamente e cursándose sen ningún tipo de dilación, para cumprir os prazos establecidos no artigo 7 da Lei 5/2002.

9.2.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS CON SINATURA ELECTRÓNICA

1.A presentación de documentos mediante a utilización da sinatura electrónica será o sistema preferente que utilizará a Administración do BOP para tramitar calquera tipo de documento que se ha publicar nesta publicación oficial.

As administracións e entidades que dispoñen de sinatura electrónica e que, con carácter habitual, remitan anuncios ó BOP poderanlle comunicar á deputación a súa vontade de transmitir por medios telemáticos o contido dos anuncios.

2. Recibida a comunicación á que se refire o punto anterior, o Servicio de Organización, Calidade e Modernización coordinará as actuacións procedentes para garantir a viabilidade e seguridade dos sucesivos envíos de textos.

3. A remisión telemática requirirá da identificación do remitente mediante certificado recoñecido e expedido por unha autoridade de certificación competente, e que inicialmente será a clase 2 CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre -Real Casa da Moeda, en adiante FNMT. O Bop verificará:

- A identidade do remitente
- Que o certificado non estea caducado nin revogado, mediante consulta á FNMT.
- Que o remitente sexa persoa autorizada para ordenar a publicación dun anuncio que afecta a determinada corporación.

9.3.-REMISIÓN DE ANUNCIOS POR INTERNET

1. Os anunciantes, no uso do procedemento de comunicación mediante sinatura electrónica establecido no artigo 9 do presente regulamento, poderán dispor no seu escritorio dunha aplicación para asinar ficheiros. Esta utilidade estará á súa disposición na páxina web do BOP, desde a cal se poderá descargar.

2. Conectada á páxina web do BOP, a persoa física representante da institución anunciante, identificada correctamente, desde a opción “remitir anuncio”, cubrirá un formulario no cal se indicará.

- Corporación anunciante
- Persoa que ordena a publicación
- Persoa que efectúa a remisión
- Tipo de anuncio
- Así como calquera outro dato que se poida requirir e sexa de interese para publicación.

A continuación remitirase o ficheiro co texto do anuncio asinado electronicamente.

3. O BOP verificará a información do formulario.

4. Naqueles datos onde se detecten anomalías de tipo técnico na transmisión telemática do documento, poñerase esta circunstancia - polo propio sistema xestor - en coñecemento do presentador mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que se proceda a subsanala.

9.4.-CONFIRMACIÓN DA RECEPCIÓN DE ANUNCIOS

1. O BOP fará unha verificación da información do formulario, comprobará a identidade do remitente, comprobando na FNMT que o certificado non está caducado nin revogado, así como a condición de persoa autorizada para a remisión.

2. O BOP asignaralle un código numérico ó anuncio, que permitirá coñecer en todo momento a situación del.

3. Este código xunto coa mensaxe de notificación da recepción comunicarse desde o BOP ó anunciante unha vez comprobada a información a que se refire este artigo.

No caso de que o certificado non teña validez, o ficheiro non estea asinado ou que concorra outra incidencia que impida a operación, o sistema emitirá a correspondente mensaxe de erro, feito que se lle notificará ó anunciante.

9.5.-CUSTODIA DOS ANUNCIOS POLO BOP

1. O Servizo de Organización, Calidade e Modernización establecerá os mecanismos adecuados para conservar as solicitudes realizadas por vía telemática que garantan a integridade, autenticidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.

2. Os anuncios recibidos por vía telemática no BOP deben ser custodiados xunto coa sinatura do remitente.

3. Custodiaranse por afastado:

- O texto do anuncio, apto para editarse.

- O conxunto do texto do anuncio máis a sinatura electrónica del.

4. Os rexistros telemáticos garantirán a constancia de cada asunto que se practique, identificando toda presentación cos datos seguintes:

- Un número ou código de rexistro individualizado.

- A identidade do presentador: nome e apelidos, documento nacional de identidade, código de usuario e terminal desde o cal se presenta o documento.

- Data e hora de presentación
- Procedemento ou trámite co cal se relaciona

5.O sistema de arquivo dos anuncios ha de permitir a súa consulta posterior e a proba da súa integridade, se fose necesario.

9.6.REMISIÓN POLO BOP DOS ANUNCIOS PUBLICADOS

O BOP poderá remitir electronicamente ós anunciantes un arquivo que conteña o texto coa publicación que ordenaron, que será custodiado por medios informáticos ou en formato papel se nalgúns casos así se desexa, porque fose necesaria a súa incorporación ós expedientes administrativos ou por outras razóns.

9.7.-VERIFICACIÓN DA SINATURA DO BOP

Mediante a utilidade “verificar sinatura”, que os interesados se poderán descargar do escritorio da páxina web do BOP, poderase comprobar que unha determinada mensaxe ou documento foi expedido polo BOP.

Con este fin, será suficiente introducir o número de control de expedición do documento que se ha comprobar para visualizar o texto del, asinado no seu día polo BOP.

Artigo 10.-PRESENTACIÓN DE ANUNCIOS. OUTROS ANUNCIANTES

10.1.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS SEN SINATURA ELECTRÓNICA

Os orixinais dos textos que se han publicar acompañaranse da correspondente solicitude de publicación que será acordada polo órgano competente e asinada pola autoridade ou funcionario facultado para o efecto. A dita solicitude axustarase ás características que aprobe a Deputación da Coruña.

Presentarase unha solicitude de publicación por cada anuncio que se desexe publicar.

Os textos que se han publicar deberán presentarse mecanografados ou impresos en papel branco, podendo acompañarse ós mesmos soportes informáticos. En ningún caso se admitirán textos manuscritos.

10.2.-NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DOS TEXTOS EN SOPORTE INFORMÁTICO.

Os documentos que se envíen por correo electrónico ou se acompañen en disquete, cd-rom ou outro soporte informático deberán estar obrigatoriamente en calquera dos seguintes formatos: word (microsoft), word pro, ami pro, ou ben en formato RTF ou ASCII tetxto dos.

Non será necesario achegar disquete, cd-room ou outro soporte informático cando o contido do anuncio se remita por correo electrónico.

Os soportes informáticos que conteñan a versión informatizada dos anuncios que se han publicar no BOP han de presentarse conxuntamente co orixinal en soporte papel do texto que se ha publicar.

No caso de listaxes procedentes de bases de datos, follas de cálculo ou outros sistemas informáticos, os datos deberán enviarse exportados a formato texto delimitado, separando os campos ou conceptos por tabuladores ou por un carácter separador, pode ser un (*), un (;) ou calquera outro carácter que se poida reemplazar por un tabulador de forma automática, nunca deberá afastarse por un só espacio. Deberá omitirse a repetición dentro do ficheiro dos encabezamentos de salto de páxina impresa.

Os planos ou mapas que deban reproducirse no BOP, virán a tamaño non superior a A-4 en papel, e con boa calidade; cando se acheguen tamén en documento informático estarán en TIF.

No caso de que o contido do anuncio que se ha publicar supere a capacidade do soporte utilizado, poderá comprimirse o ficheiro acompañándoo do descompresor utilizado ou da utilidade para poder realizar a dita descompresión.

É condición indispensable que o contido do anuncio en soporte informático sexa o mesmo có facilitado en soporte papel.

Ós anunciantes que o soliciten seranlles devoltos periodicamente os disquetes remitidos por eles.

10.3.-NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DOS TEXTOS ORIXINAIS

Os orixinais que se han publicar no BOP deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberán estar mecanografados ou impresos en papel branco tamaño DIN A-4, utilizando unha soa cara.

b)É imprescindible distinguir claramente o principio e o final do texto que se ha de publicar. Igualmente debe distinguirse con facilidade o título ou encabezamentos do anuncio.

c)Os documento para publicar deberanse presentar limpos e claros, sen selos nin sinaturas que pisen o texto do documento, e virán redactados de forma que a súa interpretación e transcripción non induza a erros ou dúbidas de interpretación.

d)Tipo de letra:

O tipo de letra empregado ha de ser de rasgos claros e facilmente lexibles (preferiblemente arial, courier, times ou similares), dun tamaño de 10 ou 12, sempre de cor negra. Se é de máquina de escribir, letra normal 12.

e)Normas de mecanografado:

- Escribírase sempre en minúsculas, agás as maiúsculas obrigatorias por ortografía.
- Escribírase con minúscula inicial:
 - Os meses e días do ano
 - As denominacións dos cargos
 - As categorías laborais ou administrativas.
- A puntuación decimal sempre se indicará cunha coma.
- As horas e minutos escribíranse preferiblemente con letra ou afastando as horas dos minutos cun punto, nunca afastando con dous puntos.
- Evítaranse as abreviaturas no texto especialmente en “artigos”, “capítulos”, “apartados”, “pesetas”, “euros”, “número”, “rúa”, etc.
- Non se utilizará o símbolo do euro, deberá escribirse con todas as letras (euros).
- Os números de teléfono e fax escribíranse con número e prefixo sen puntos.
- As siglas escribíranse sempre sen puntos entre as letras e non varían en plural.

Poderán ser obxecto de desenvolvemento, por resolución da Presidencia da Deputación, as normas para a presentación dos textos orixinais.

Artigo 11.-AUTENTICACIÓN DE DOCUMENTOS

1.-A orde de publicación correspóndelle ó órgano competente da respectiva Administración anunciante, que deberá ser asinada pola autoridade ou funcionario facultado para isto e do que a identidade e sinatura deberán figurar no Rexistro de autoridades e funcionarios que se sinala no artigo 8 da Lei 5/2002 do 4 de abril, no que constará a sinatura autógrafa con nome e cargo da persoa á que pertenza.

2.-Para a inclusión neste rexistro, as Administracións públicas e de xustiza acreditarán perante a deputación, por escrito, segundo a súa normativa específica, ás persoas facultadas para ordenar as publicacións no BOP, así como as modificacións que se poidan producir.

3.-A Deputación da Coruña cumprirá a orde de publicación das correspondentes Administracións públicas e da Administración de Xustiza, sempre que cumpran os requisitos establecidos neste regulamento.

4.-Cando se trate de anuncios tramitados a instancias de particulares, estes deberán de acreditar de forma fidedigna a condición a través da cal actúan.

5.-No suposto de falta de datos, redacción inintelixible, ou por falta do correspondente soporte informático, naquelas publicacións que polas súas características o fagan imprescindible, non se cursará a solicitude de publicación, outorgándose á persoa interesada un prazo de dez días para correxir o defecto ou a falta. Se transcorrido o dito prazo, non se subsanase, devolverase a documentación ó órgano remitente.

Artigo 12.-PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS.

Os orixinais serán transcritos na mesma forma na que se encontren redactados e autorizados polo órgano remitente, sen que por ningunha causa poidan variarse os seus textos unha vez tiveran entrada no BOP, coa única excepción de que o órgano remitente dea a súa autorización de forma fidedigna.

O solicitante da publicación responsabilízase do contido do texto que se ha publicar, así como dos efectos que, fronte a terceiros puideran derivarse del.

A publicación de documentos orixinais realizarase por orde cronolóxica de presentación, que só poderá ser alterada cando a publicación sexa declarada urxente polo órgano remitente na orde de publicación, ou cando o volume do texto que se ha publicar ou as súas características particulares así o esixa, respectándose en todo caso o prazo establecido no apartado seguinte.

A publicación deberá ser realizada no prazo máximo de 15 días hábiles posteriores ó pagamento da taxa correspondente, se este procedera, ou, no seu defecto, da recepción da orde de publicación nas oficinas do BOP. En caso de publicación urxente o dito prazo reducirase a 6 días hábiles. Este carácter de urxencia obriga ó remitente, sen excepción, a acompañar ó texto orixinal o soporte informático e/ou electrónico e a publicación estará suxeita, se é o caso, ó recargo de urxencias.

A orde de publicación será asinada polo presidente da deputación ou persoa que este designe.

Os orixinais que se envien ó BOP para a súa publicación, terán carácter reservado. Non poderá facilitarse información ningunha sobre eles, agás autorización expresa do órgano remitente.

Se algún texto aparecera publicado con errata, que alteren ou modifiquen o seu contido, realizarase coa celeridade necesaria a corrección do texto na súa totalidade ou na parte necesaria para a total aclaración del.

Artigo 13.-CONSULTA DO BOLETÍN

1.O acceso á edición oficial do BOP será universal e con carácter de balde a través de Internet consonte co artigo 6 deste regulamento.

2.A Deputación da Coruña habilitará os puntos necesarios de consulta do BOP, por parte dos cidadáns, nos cales se poida efectuar a dita consulta de balde, co obxecto de cumprir o mandato do artigo 10 da Lei 5/2002.

Artigo 14.-RÉXIME ECONÓMICO

Conforme co establecido no artigo 2º da Lei reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, polos servicios prestados ou actividades realizadas pola xestión do BOP, a Deputación Provincial da Coruña poderá establecer e esixir taxas e/ou prezos públicos, con regulación que se realizará, se é o caso, mediante a aprobación das correspondentes ordenanzas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1.De acordo co artigo 45 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co artigo 9 da Lei 5/2002, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, adoptaranse as disposicións necesarias para establecer todos aqueles procedementos que permitan o impulso do uso e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos na prestación do servicio do BOP.

2.En todo caso, os programas e aplicacións electrónicas, informáticas e telemáticas que vaian utilizarse para a xestión e publicación do BOP terán que estar previamente aprobados pola deputación e teranse que difundir publicamente as súas características.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Por todo o non regulado na presente ordenanza, estarase ó que dispón a lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos Boletíns Oficiais das Provincias, e do resto das normas legais ou regulamentarias que resulten de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo dun ano aprobaranse e publicaranse os programas e aplicacións electrónicos e telemáticos que vaian utilizarse para a xestión e publicación do BOP en formato electrónico co fin de establecer este formato como única edición oficial, sometendolle ó pleno a correspondente proposta de revisión da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Facúltase ó presidente da Deputación para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA

A precedente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Excma. Deputación da Coruña o día ____ de ____ de 2003.”

2.-Someter o presente acordo a información pública por un prazo de trinta días para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións.

3.-Considerar definitivo o presente acordo para o caso de que, transcorrido o prazo de información pública, non se presentaran reclamacións ou suxestións.

12.-MODIFICACIÓN DA OBRA “INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN DE VARIAS RÚAS”. CONCELLO DE ARZÚA. PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS 2001.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación e desagregación das obras do concello de Arzúa en substitución da aprobada en sesión plenaria con data do 26.10.01, segundo o seguinte detalle:

Cód. 01.4200.0109.0	
Obra de conservación de alumeamento público	10.181,96 euros
Deputación fondos propios	3.946,53 euros
Deputación préstamo	6.235,43 euros
Cód. 01.4200.0109.0	
Instalación de bolardos, xardineiras, papeleiras e sinais	7.848,40 euros
Deputación fondos propios	3.042,04 euros
Deputación préstamo	4.806,36 euros
Total	18.030,36 euros

2º.-Anular as obras aprobadas en sesión plenaria con data do 26.10.01 correspondentes ós códigos:

Cód. 01.4200.0055.0	Instalación de elementos de urbanización en varias rúas	18.030,36 euros
---------------------	---	-----------------

3º.-Os importes propostos, que ascenden á cantidade de 18.030,36 euros, deberán ser imputados na súa totalidade á partida orzamentaria 0305/519Z/76299.”

13.-AMPLIACIÓN DE PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NA ANUALIDADE 2002 DO PLAN XXI DE FOMENTOS DE TURISMO DA NATUREZA.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Simplemente para anunciar a abstención do noso grupo neste punto, no que significa sempre ampliación de prazos de bases xa aprobadas, entendemos que a historia tería que ser ó revés, é dicir, aquilatar realmente, despois de experiencia que temos, as bases e os prazos que se fixan nas bases, ó que é a realidade que estamos vendo día a día. Polo tanto, abstención nese senso.

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros neste punto imos votar que si, pero imos votar que si sabendo que neste mandato converteuse en norma o que debería de ser unha excepción, unha excepción que debería de facerse en casos particulares estase convertendo en norma e faise habitualmente, porque no pleno de marzo aprobamos a ampliación do prazo da primeira anualidade do Plan de fomento de turismo e natureza do ano 2001, que tiña un prazo de 30.04.2002, ampliouse o 30 de novembro do ano 2002, e en marzo, no pleno do mes pasado, ampliouse ó 30 de setembro do ano 2003. Eu creo que ademais ampliámolo nese afán de favorecer que os concellos fagan e tal, ampliámolo dunha forma certamente irregular, porque a ampliación do prazo hai que facela antes de que termine o prazo e non pode ser superior, non pode exceder á metade dese prazo, co cal estamos saltándonos á toreira todas as normas, non sei se é ilegal. Alomenos unha certa dose de irregularidade si estamos facendo. Polo tanto, pór de manifesto que convertemos en norma algo que debería de ser excepcional. Pero como digo que no final dun mandato tampouco imos cambiar o criterio que mantivemos, no afán de axudar ós concellos, imos favorecer que se amplíe este prazo e a votar favorablemente o punto número 13.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar o teor literal da base 8 da convocatoria do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña, aprobadas polo Pleno da corporación do 16 de maio de 2001 (publicadas no BOP do 22 de maio de 2002) no senso de ampliar o prazo de xustificación das obras, servicios e subministracións incorporados na segunda anualidade do plan correspondente ó exercicio de 2002, no senso de conceder un novo prazo que finalizará o 30.09.2003. O teor literal da base modificada quedaría establecido nos seguintes termos:

“...Tódolos investimentos da anualidade do ano 2002 debería estar executadas e debidamente xustificadas perante a deputación con anterioridade ó día 30 de setembro do ano 2003...”

2.-Dispor a exposición pública da presente modificación das bases da convocatoria mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que durante o prazo de 10

días poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentar ningunha.

3.-Facultar ó presidente para todo canto resulte necesario para a correcta execución do presente acordo.”

14.-CONCELLO DE VALDOVIÑO. PLAN XXI DE FOMENTO DE TURISMO DE NATUREZA. ANULACIÓN DE OBRA: “PAVIMENTACIÓN DE PISTAS E CANALIZACIÓN DA ZONA GÁNDARA” E INCLUSIÓN NA ANUALIDADE 2001 DAS OBRAS: “ALUMEAMENTO PÚBLICO NA AVDA. PORTA DO SOL” E “ALUMEAMENTO PÚBLICO NA AVDA. GÁNDARA DE ABAIXO”.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Neste punto o noso grupo provincial vai votar negativamente porque en primeiro lugar, non entendemos que esta Deputación provincial teña que pasar por alto que hai determinados concellos que incumpren as bases que están fixadas para incluírse en determinados plans e, evidentemente, a anulación é de recibo, posto que están incumprindo e infrinxindo estas bases, pero pola contra, o que se fai é incluílo, con esa cantidade que tiña fixada o concello de Valdoviño, outras dúas obras. E ¿por que o noso voto negativo? porque nosoutros entendemos que mesmo estas dúas obras incumpren as bases, por unha parte hai uns prazos fixados nas bases do Plan de fomento de turismo da natureza, que fala de que se teñen catro meses despois de aprobar o plan para facer unha modificación, e isto alá vai, a inicios deste ano, e en segundo lugar porque nos parece unha xustificación tan ampla, tan ampla, tan ampla, meter dous alumeamentos públicos nun Plan de fomento de turismo da Natureza, que de seguir ampliando os conceptos e as obras que poden entrar neste plan, eu penso que podemos incluír todos os plans desta deputación baixo o parágrafo de fomento de turismo da natureza, porque evidentemente temos unha provincia que ten abundantes zonas onde se pode practicar o turismo de natureza.

Neste senso é polo que nosoutros, evidentemente, non podemos aprobar esta reforma. Insisto que nos parece que non é de recibo que se premie a un concello que incumpre unhas bases, e en segundo lugar, porque ben, se anulamos unhas obras que incumpre bases, estamos introducindo outras que, á súa vez, tamén están incumprindo bases. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Neste punto nosoutros imos variar o voto que mantivemos na Comisión informativa votamos que si, no afán de favorecer un cambio dunhas obras dun concello, que saberán porque os fan, porque non poden facer, ou por calquera circunstancia, mantendo esa filosofía, votamos que si, pero unha vez que vimos o expediente con detemento e en profundidade, non podemos votar que si a isto, e creo que esta cámara non debería de votar si a este punto, porque unha cousa é favorecer ós concellos, unha cousa é axudar ós concellos, unha cousa é ser flexible na aplicación das normas e dos prazos para que todo o mundo mellore a súa calidade de vida e o seu benestar, e outra cousa é fomentar a chapuza e favorecer as irregularidades, e con este punto, si votamos favorablemente, estamos fomentando a chapuza e fomentando as irregularidades. Á parte, eu creo que non sería legal, porque se estamos discutindo que non é legal modificar un prazo porque si, sen exposición pública, moito menos legal sería cambiar unhas obras dun Plan do ano 2001, que tería que estar executado e pagado en abril do ano 2002, e ademais é unha chapuza, e é unha irregularidade, e utilizo estas palabras por non utilizar outros termos máis categóricos, porque dos informes desta casa ponse de manifesto que no expediente, “a utilización no expediente da contratación da obra por contrato menor”, irregularidade ou ilegalidade, “ter contratado a obra o concello con anterioridade á súa aprobación pola deputación”, “o concello incumpriu o acordo do Pleno da deputación no que quedaron fixadas as condicións de delegación da contratación e execución das obras do plan, comunicándolle ó concello a súa anulación”, “non se autorizan os xustificantes de gasto remitidos polo Concello de Valdoviño para a súa imputación ó Plan XXI de fomento de turismo da natureza, anualidade 2001, por non axustarse ó procedemento e requisitos establecidos nas bases da convocatoria e do plan”. Eu creo que unha cousa é axudar, favorecer, ser flexibles, e outra cousa é permitir as chapuzas, as irregularidades e as tomaduras de pelo. Así como no concello de Coristanco e no concello de Corcubión no punto número 9, o Partido Socialista estaba disposto e está disposto a buscar unha solución que permita a estes dous concellos gozar desa subvención, cremos que neste caso temos que dicir que non, porque hai que pór nalgún momento, hai que pór unha barreira e hai que pór un muro e esa barreira e ese muro non se pode traspasar sen perder, eu creo que a propia dignidade, as persoas que estamos aquí representados. Non é razoable, nin xusto, nin tolerable que nos deixemos tomar o pelo, por ninguén, e este concello, neste plan, nesta obra, estalle tomando o pelo á deputación.

E xa non falo da legalidade do que imos aprobar porque xa digo, se non é moi regular ampliar os prazos sen publicalo, prazo de alegacións, de exposición pública, de alegacións e aprobación definitiva, non sei se sería razoable permitirlle modificar as obras dun plan que se aprobou no ano 2001 e que eles aprobaron en decembro do ano 2001 as obras que ían acollerse a ese plan.

Polo tanto, non sei se é ousado ou non é ousado, eu pediríalle ó Pleno da deputación que vote non neste punto, para pór polo menos un límite, e pór unha fronteira a partir da cal non estamos dispostos a tolerar que nos tomen o pelo.

Máis nada e moitas gracias.

Sr. Blanco Rouco

Moitas gracias, Sr. presidente, e empezando polas últimas palabras que acaba de dicir o representante do Partido Socialista, efectivamente, as palabras que dixo son palabras, chapuza ou irregularidades. Sr. presidente, se o concello de Valdoviño pasar por riba as bases, desde logo esta proposta non estaría hoxe aquí, máxime cando se tivo bo tento en que desde a parte dos servizos administrativos, xulgárese, como a todos os concellos cando requiren que a deputación amplíe algún prazo en función das súas dificultades, que moitas veces non son as dificultades do propio concello en si, senón das súas partes administrativas, quero dicir que se modificaron, efectivamente, algunhas veces os prazos, e outras veces os obxectivos ou fins das obras para as cales eran eses orzamentos. Neste caso estamos nun concello máis que en tempo e forma adheriuse a este Plan XXI que por certo, debo dicirlles que dicir ano 2001 parece que xa soa moi alá, pero no ano 2001 aprobouse no mes de maio, por tanto, levamos, aínda non, dous anos, onde este plan se ten que terminar, ou sexa, que non son dous anos e medio, como podía darse, senón que foi aprobado o 16 de maio.

Sr. presidente, eu creo que aquí estamos facendo, unha vez máis, ese exercicio de axuda ós concellos, e neste caso o concello de Valdoviño, en todos estas miudezas que nos explicou o voceiro do Partido Socialista, en efecto, son así, pero fíxese Sr. deputado que unha vez que o concello envía esas facturas para seren xustificadas, a deputación advírteo, e aí está o que fixo a deputación, advírteo de que non é posible xustificar esas facturas porque as obras xa foran iniciadas, que cambie as obras para poderen ser executadas dentro do Plan XXI dado que así se pode facer, e o concello así o fai, e faino e nosoutros traémolo hoxe aquí e levámolo á comisión para que iso puidese facerse. ¿É irregularidade que a deputación diga a un concello que non está facendo ben os deberes?, non, unha vez que xa está comprendido dentro do que teñen que ser as bases. O normal é que, se non está facendo ben as cousas, dígaselle que non as fai ben, e niso desde logo, xamais eu, creo, e ningún podería estar non vendo as dificultades que teñen os concellos á hora de poder xustificar, de poder facer as súas obras.

Por isto, eu creo que non hai aquí irregularidades ningunha, hai favorecer, avisar e dicirlle ós concellos, a calquera que sexa, que ten que facer doutra forma o que estaba facendo, dentro das canles regulamentarias que están establecidas no dito plan. Por isto, efectivamente, poderase tachar de mil cousas, pero de irregularidades non, porque trae os

avais de toda a parte administrativa desta deputación, e iso ben coidado tívose para que iso así fose.

E volvo dicir, isto mesmo que aquí se trae, tróuxose ó longo deste mandato por outros concellos, nas mesmas condicións, polo tanto non estamos facendo excepcionalidade ningunha, e se o Plan de turismo XXI que se estableceu cunhas bases moi amplas, debo dicirlle á representante do Bloque que claro que si, que cabe tamén a iluminación, ou é que ¿non entran dentro do plan de embelecemento das cidades con atractivo turístico o feito de iluminación?, calquera elemento que nosoutros poidamos pór en función de elemento de atracción, claro que é un elemento turístico, e as bases foron así ampliadas, moi amplas, para que os concellos puideran levalas a cabo perfectamente.

Por isto, eu pido ós representantes do Bloque Nacionalista Galego, e tamén lle pido ó Partido Socialista, que considere a súa postura por canto que estamos na mesma idea, favorecer ós concellos, aquí non é pasar por riba das bases, senón que se lle avisou de que así non podía proceder en función da xustificación da deputación, que cambiase, o cal é normal, eu véxoo tan normal como avisar á persoa que vai ser atropelada que, por favor, que non atrevese a rúa para que non se atropele, pois aquí non hai máis; o exemplo ó mellor é moi plástico e demasiado plástico, pero é así.

Ó concello de Valdoviño díxoselle “non é esta a maneira de proceder desa xustificación desas obras que vostede xa empezou, comezou, propoña unhas novas”, e iso é o que se fixo.

Sr. presidente, isto é o que a comisión efectuou, alí aprobárono dous grupos, hoxe aquí cámbiase a votación dun grupo, pero eu creo que nese afán que temos durante este mandado de favorecer sempre ós concellos, isto non é máis ca un deses elementos de favorecer a plena realización das obras dos concellos.

Moitísimas gracias.

Sra. Vázquez Veras

Eu sinto dicirlle ó Sr. Blanco que, realmente, despois da súa intervención, non é precisamente que teñamos argumentos para cambiar o noso voto, senón que nos reafirma no que comentabamos antes.

Moi sucintamente. O compañeiro voceiro do grupo socialista leu o que é o informe, quero dicir, hai unhas partes as bases que nosoutros pensamos que son aspectos fundamentais que se están incumprindo, quero dicir, non hai por onde coller francamente o

expediente que presenta o Concello de Valdoviño, e en segundo lugar, eu penso que iso é o informe dos servizos técnicos pedindo a anulación, non hai por onde collela.

En segundo lugar, tampouco nos parece de recibo que para, por un pretendido dereito que ese concello teña a percibir a subvención xa, non a intervención ou a participación nun plan desta cantidade, ben, que se lle pase por unhas obras que vai ser un tanto do mesmo, é dicir, que xa están incumprindo as bases e, polo tanto, eu non sei como se vai poder xustificar o pagamento desta parte ó concello de Valdoviño, en todo caso é unha decisión política e nosoutros non imos intervir nese tipo de decisións.

Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Este punto non ten nada que ver co anterior, no que ampliamos o prazo de presentación ou de execución do proxecto, non ten nada que ver. No anterior estamos facendo un esforzo de xenerosidade, permitindo que un concello poida cumprir axudando, sendo flexibles na interpretación da norma, ou mesmo modificando a norma para permitir que entren uns concellos e poidan realizar esas obras. Neste caso non estamos axudando, neste caso estamos fomentando actuacións irregulares e actuacións que non se axustan ó que é a norma. Decía o Sr. Blanco, e permítame discrepar, que isto se fixo habitualmente nesta casa. Se se fixo habitualmente nesta casa, desde logo, non nos demos conta e entón a gravidade do asunto é moito maior, porque isto é unha cousa grave, e eu falaba que estabamos convertendo en norma o que debería de ser excepcional. Pero se se fixeron noutras ocasións temas coma este, no que se detecta que se adxudicou irregularmente, no que se detecta se comproba que se adxudicou antes de que se aproben os planos, no que se rexeitan as xustificacións dos pagamentos, se todo iso se fixo e se tolerou e se permitiu, dede logo, eu creo que non se fixo, pero se se fixo foi co descoñecemento, ou nos pasou desapercibido a este grupo, porque isto entendemos que é grave, porque non ten nada que ver con axudar, é fomentar actuacións irregulares e actuacións desordenadas, e eu creo que a deputación niso debe de ser claro, e creo que temos unha certa autoridade moral para dicir o que estamos dicindo, e xustificámonos coas nosas intervencións nos puntos anteriores, pero hai que pór un muro, e hai que dicir, señores, de aquí non pasamos, porque se somos tan laxos nas nosas actitudes, nas nosas interpretacións, nos nosos comportamentos, ¿onde podemos chegar?, eu creo que chega un momento en que hai que levantar unha muralla e dicir, señores, síntoo moito, pero ata aquí chegamos e de aquí non pasamos, e eu creo que este é un punto, e lamento, pero chega un momento en que hai que dicir basta. E creo que a deputación non se honra nin se dignifica se a deputación aproba isto, hónrase e dignifícase dicindo “señores, cumpran vostedes coa lei, sexan vostedes consecuentes coas súas actuacións, responsabilícense das súas actuacións, e non teñan comportamentos desordenados, ou comportamentos non acordes ó que é o funcionamento normal dun

concello e ó que debe de ser a relación entre un concello e esta deputación”; hai unha creba de confianza, intentaron enganarnos, cometeron ilegalidades, ¿por que temos que consentir iso?, ¿por que?, ¿é que non temos dignidade?, señores, funcionamos cunhas normas e podemos ter un certo grao de discrecionalidade para interpretalas, pero cando o que incumpre a norma a incumpre dunha maneira tan flagrante e tan clara e tan rotunda, creo que a deputación debe de ter a autoridade moral para lles dicir, “señores, por aquí non”.

E eu creo que, en prol da dignidade deste pleno, e en prol da dignidade dos que aquí estamos, debemos de dicir, Sr. alcalde de Valdoviño, por isto a deputación non pasa.

Sr. Blanco Rouco

Gracias, Sr. presidente, e soamente dúas palabras. O que dixerá favorecer ós concellos, non quere dicir que nestes mesmos temas concretos, senón que en todo ó longo destes catro anos na comisión que presido fíxose respecto dos concellos, que foi aplicarles a lei, efectivamente, porque a lei a aplican, pero tamén xustamente tratalos. E tamén lle digo, Sr. presidente, que aquí se está a cumprir a lei, do contrario este tema non viña hoxe aquí.

Moitísimas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Anular a obra “01.4300.0095.0 pav. pistas e canlz. Zona Gándara”, código 01.4300.0095.0 por importe de 30.050,61 euros, do concello de Valdoviño aprobada en sesión plenaria con data do 28.12.01, financiada da seguinte forma: deputación fondos propios 12.434,95 e deputación préstamo 17.615,66 euros.

2º.-A anulación acórdase ó considerar que a utilización no expediente de contratación da obra por contrato menor, e ter contratada a obra o concello con anterioridade á súa aprobación pola deputación, o concello incumpriu o acordo do pleno da deputación no que quedaron fixadas as condicións de delegación da contratación e execución das obras do plan comunicándolle ó concello a súa anulación.

3º.-Non autorizar os xustificantes de gasto remitidos polo concello de Valdoviño para a súa imputación ó Plan XXI de fomento de turismo de natureza, anualidade 2001 por non se axustar ó procedemento e requisitos establecidos nas bases de convocatoria do plan, co importe que ascende a 52.938,30 euros.

4º.-Aprobar as obras:

-01.4300.0174.0 “Alumeamento público Porta do Sol” por importe de 49.160,28 euros financiada pola deputación da seguinte forma: deputación fondos propios 20.342,52 euros e deputación préstamo 28.817,76 euros.

-01.4300.0175.0 “Alumeamento público de Gándara de Abaixo”, por importe de 33.828,37 euros, deputación fondos propios 13.998,18 euros e deputación préstamo 19.830,19 euros.

Os ditos importes deberanlle ser imputados á partida 0305/751.A/762.99 quedando condicionada a súa aprobación á aprobación do expediente de modificación de créditos 1/2003.

5º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo.”

15.-DAR CONTA DOS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS DO CONVENIO PARA REALIZAR PROGRAMAS DE ASISTENCIA SOCIAL ÓS EMIGRANTES.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

Ó ser un tema de dar conta non procede o debate, en todo caso deixar constancia de que, a través da comisión, e no expediente a este pleno, o único que nosoutros temos coñecemento é dos beneficiarios das axudas que se deron a emigrantes a través do convenio asinado por esta deputación e a Dirección Xeral de Emigración. En todo caso, dicir que para nosoutros este coñecemento vén pola parte que a nosoutros nos sobra, é dicir, nosoutros non temos por que saber exactamente a que persoas se lle deron, e nembargantes si nos falta que publicidade se deu, como se deron os trámites e cal foi a normativa para daren esas axudas. Deixar constancia diso, máis nada.

Sr. presidente

Como sabe ben vostede, isto foi a través da Xunta de Galicia, o convenio eu creo que tivo publicidade suficiente e un trato suficiente confirmado e comprobado polos tres grupos políticos na visita última, concretamente á cidade de Buenos Aires. De todas as formas, a relación está ó dispor, cremos que por cortesía e respecto ás persoas, que non debe circular, está a disposición de calquera de vostedes que o queira.

ACORDO

“Dar conta da documentación remitida pola Consellería de Emigración como xustificación do cumprimento das previsións contidas no convenio administrativo subscrito entre a consellería e a Excma. Deputación Provincial da Coruña no ano 2002 sobre asistencia social ós emigrantes.

O presidente da comisión pon de manifesto perante os membros da comisión a documentación remitida pola Consellería de Emigración como xustificación do cumprimento das previsións incorporadas no convenio subscrito entre a consellería e a deputación para promover políticas de asistencia social ós emigrantes galegos no exterior ó longo do ano 2002. A documentación está integrada por unha relación nominal das axudas concedidas con cargo á Orde da Consellería do 31 de xullo, na que se detallan os nomes e apelidos das persoas ás que lles foran referidas as axudas, o municipio e provincia de nacemento, a residencia actual e o importe da axuda.”

16.-DAR CONTA DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DA POBRA “APERTURA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO ENTRE LESÓN E TARRÍO”. PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS 2001.

A Comisión toma coñecemento da aprobación do proxecto reformado da obra “Apertura e pavimentación do camiño entre Lesón e Tarrío”, cód. 01.4200.0046.0 Plan XXI de pequenas obras e infraestruturas, nos termos fixados na resolución da Presidencia núm. 4.737 do 24 de marzo de 2003.

Sr. presidente

Hai unha declaración institucional co gallo do 25 aniversario da creación de Caixa Galicia, asinada polos tres grupos políticos, que lle rogo ó Sr. secretario que lea.

Sr. secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 25 ANIVERSARIO DA CREACIÓN DE CAIXA GALICIA

A Deputación da Coruña quere expresar a súa noraboa a Caixa Galicia pola celebración do 25 aniversario da creación desta entidade financeira, paradigma dunha Galicia empresarial moderna, con capacidade de xerar riqueza e recursos para unha sociedade cada vez máis dinámica.

Caixa Galicia é hoxe, e despois dun importante esforzo de organización empresarial, unha institución clave para o sector financeiro galego. Configurouse como unha entidade con futuro, con capacidade de liderato, que representa aqueles valores que nos distinguen ós galegos, como o espírito de traballo, a vontade de esforzo, e o compromiso coa terra.

Galicia conta cun sistema financeiro eficiente, moderno e sólido, e ó fortalecemento deste contribuíu de forma eficiente Caixa Galicia, que neste cuarto de século se converteu tamén nunha das dez maiores entidades crediticias de España.

Ademais da súa acción dinamizadora da economía e do tecido empresarial galego, Caixa Galicia é tamén exemplo dun compromiso social coa comunidade. A actividade sociocultural foi un dos eixes de acción da entidade, e desta foi partícipe o conxunto da sociedade galega.

Os galegos, en xeral, e os coruñeses, en particular, sentímonos orgullosos de contar con organizacións que aposten pola excelencia, pilotadas por profesionais de prestixio que conseguiron situar a Caixa Galicia nun lugar privilexiado no panorama financeiro nacional.

A nosa felicitación por este éxito empresarial, e pola súa vocación de servizo para o desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma.

Sr. presidente

Remitirémolle este acordo a esta institución financeira.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Hai unha pregunta do Sr. Rodríguez Doval, que eu creo que xa está tratada, que era polo tema do punto 14, do concello de Valdoviño. Despois hai un rogo de dona Margarida Vázquez sobre as obras que se están a facer no concello de Cambre, que os técnicos ou os

responsables de obras se poñan en contacto cos veciños para subsanar algúns problemas que poden quedar alí, e polo tanto, así o faremos.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión ás trece horas e vintecinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.